



<u>Acta número:</u> 12	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 29.10.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:09

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela  
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D<sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz  
D. Raimundo González Carballo  
D. Vicente Garcia Legísima  
D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez  
D. Xosé Luis Bara Torres  
D. Demetrio Gómez Xunqueira  
D<sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida  
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño  
D. Jacobo Moreira Ferro  
D<sup>a</sup> María José Rodríguez Teso  
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> Beatriz García Riestra  
D<sup>a</sup> María Biempica Ortiz  
D. Pablo Fernández López  
D. César Alberto Abal González  
D<sup>a</sup> Rosa Encarnación Picallo Quiveo  
D. Miguel Ángel Meijón Couselo  
D<sup>a</sup> Eloisa María Nogueira Garrido  
D. Antonio Louro Goyanes  
D. Agustín Fernández González  
D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García  
(D. Vicente García Legísima incorpórase durante o punto 2 dos incluídos na orde do día).

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D<sup>a</sup> Blanca Vega Lorenzo

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, despois de xustificar ausencia do Concelleiro don Vicente García Legísima, declara constituída e aberta a sesión.

## **ORDE DO DÍA:**

### **A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR :**

#### **1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 30.09.2013.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 30.09.2013, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

### **B) PARTE RESOLUTIVA:**

#### **2.- URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO: APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU PARA ESTABLECER E REGULAR O USO DE CREMATORIO.**

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, de data 17.10.2013, emitido sobre a modificación puntual do Plan Xeral do Ordenación Urbana (PXOU) para establecer e regular o uso de crematorio, aprobado como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local de 14.10.2013.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Antonio Louro Goyanes, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Louro Goyanes:** Gracias, Sr. Alcalde.

O Pleno de 22 de novembro do ano 2012, acordou, unanimemente unha proposta, é dicir, todos os grupos municipais, todos os concelleiros e concelleiras votaron, conxuntamente, unha proposta, que era a suspensión cautelar de licenzas e un proxecto de modificación puntual do plan xeral de ordenación urbana, para regular o uso de crematorios dentro do termo municipal de Pontevedra. Polo tanto, en liña con ese mandato, en liña con ese acordo, iniciamos a tramitación que se nos indicou, agora iniciamos a parte final de un procedemento que pretende corrixir unha coherencia do noso vellos plan de urbanismo. Ao tempo hai que dicir que vémonos obrigados a paliar a urxencia de normativa da Xunta de Galicia, que é a Administración que tería que ter ditado a normativa aplicable, como de feito ten sucedido noutras comunidades autónomas.

Seguimos pensando que non é o máis razoable que cada concello, individualmente, teña que regular cuestións que afectan ao urbanismo ou ao medio ambiente de toda Galicia, sen embargo quedar de brazos cruzados en Pontevedra, hai case un ano, houbera sido unha responsabilidade e, polo tanto, non era unha opción diante da alarma social que se suscitou na cidade de Pontevedra. Despois de este acordo, iniciamos unha tramitación que puxemos en marcha e que a Xunta de Goberno Local aprobou. Levámolo tamén á Comisión de Urbanismo e ditaminou e, polo tanto, a aprobación inicial da modificación da normativa do PXOU producirase hoxe neste pleno ordinario, logo do debate que se teña que producir e dos posicionamentos dos grupos, contamos xa coa exención da avaliación ambiental estratéxica por parte de a Xunta de Galicia, polo que despois desta aprobación inicial pasaremos e someteremos directamente o expediente á información pública e nese tempo de dous meses, as persoas que o consideren poderán presentar as alegacións que serán recollidas e que serán contestadas, haberá unha aprobación provisional, unha vez que sexan respondidas esas alegacións por parte do Pleno. O expediente, unha vez rematados



estes pasos, enviarase á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, para o que a Xunta contará cun prazo máximo de tres meses.

Polo tanto, correspóndelle á Xunta de Galicia en última instancia tomar esta decisión. Os contidos do acordo que tomou a Xunta de Goberno Local ten catro puntos: o primeiro, aprobar o proxecto de modificación puntual do plan xeral de ordenación urbana do municipio de Pontevedra, para regular o uso do solo relativo aos crematorios; segundo, someter o expediente a información pública polo prazo legal máximo previsto que é de dous meses, incluíndo notificación individual a todos os interesados; terceiro, aprobar unha nova suspensión de licenzas que abrangue todo o territorio do termo municipal que su substitúe á suspensión cautelar anterior, esta nova suspensión durará ata a aprobación definitiva da modificación puntual do plan que, segundo a lei, pode ter unha duración máxima de dous anos, estaría esta en función da Xunta de Galicia; y cuarto, conceder audiencia á Delegación do Goberno e á delegación territorial da Xunta de Galicia, por se teñen algo que alegar.

O contido da modificación, como xa temos informado reiteradamente, en máis de una ocasión, a proposta consiste basicamente en restrinxir licenzas para fornos crematorios a tres tipos de solo concretos, solo rústico, previa aprobación do instrumento de ordenación do territorio, neste caso un plan especial de infraestruturas e dotacións, cemiterios, solo industrial con determinadas características e, en todos casos, esíxese como cautela adicional unha separación mínima de 50 metros ao solo residencial o calquera vivenda existente. Imos dando os pasos conforme aos prazos previstos, e o que aínda é máis importante, con plena seguridade xurídica e administrativa que nos dan todos os informes favorables dos máis destacados técnicos municipais, dende o Secretario Xeral do Pleno, o Director Xeral de Urbanismo, a Asesoría Xurídica ou a Intervención municipal, quero recalcar isto porque algunhas veces desenfócase a cuestión principal. Polo tanto, Pontevedra tiña un serio problema hai dous anos que se expresaba a través de unha alarma social que estaba na calle, que estaba nos medios de comunicación dado que naquel momento había cinco solicitudes para instalar fornos crematorios noutras tantas partes del municipio.

O proxecto de modificación puntual do PXOU, hai que dicir que respecta por encima de todo o interese xeral, os intereses máis concretos dos veciños e dos cidadáns afectados, e os intereses dos operadores, das empresas interesadas. Fíxanse unhas regras de xogo imparciais, encadradas plenamente na autonomía municipal e no respecto radical á lexislación vixente.

Polo tanto, señores e señoras concelleiros, o pasado 22 de novembro aprobábase por unanimidade de todos os grupos unha proposta que requiría do goberno municipal xustamente o que agora estamos presentando. Polo tanto, eu diríalles que por coherencia e por convicción apoiáramos o que reclamábase hai algo menos de doce meses, creo que con este acto de aprobación de esta modificación puntual resolvemos problemas que tiña a cidade de Pontevedra, que tiñan os cidadáns e que tiñan os veciños. Eu sei que é imposible dar satisfacción a todo o mundo neste tipo de cuestións pero hai que dicir que o impacto social queda reducido á mínima expresión. Eu diríalle a todos os concelleiros e concelleiras que baixo ningún concepto instrumentalicen politicamente unha cousa destas características porque sería unha grave irresponsabilidade e, en todo caso, sempre lles pido o lles pediría que votaran en coherencia co que teñen feito en máis de una ocasión en este pleno da Corporación.

Nada máis e moitas grazas, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Louro.

Seguidamente, concede a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Ben, este asunto veu a pleno xa varias veces con distintos formatos e nós mantemos a mesma liña, temos absolutamente plena confianza nos técnicos municipais que elaboraron a modificación e no concelleiro que se encarga, entón en coherencia co que estivemos facendo ata agora vamos a votar a favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Mosquera.

A continuación, en representación do grupo municipal do Partido Popular, concede a palabra a don Ricardo Aguilar Argenti.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, Sr. Alcalde. Buenos días.

Sr. Louro, hoy vuelve a traer a este pleno un problema que se ha encontrado usted en lo relativo a los hornos crematorios cuya responsabilidad no le corresponde sólo a usted ni a su grupo político. Esta situación anómala se ha producido por la mala gestión de sus socios y sobre todo por el Sr. Alcalde que nos preside y así se lo hago ver. Si el BNG, que lleva los asuntos de ordenación del territorio, hubiese realizado sus deberes de aprobar el nuevo plan general, en tiempo y forma, hoy no estaría pasando la incomodidad de tener que tratar este problema con relación a los incumplimientos que ha realizado el Bloque, con el plan general aprobado su problema hubiese desaparecido y hoy tiene que estar usted defendiendo un tema que realmente no tenía por qué haber ocurrido, esto se lo ha producido a sus socios, pero también el Sr. Alcalde colaboró en su contra, antes de las elecciones de mayo del año 2011, creo recordar que en abril, ya había unos problemas con relación a unas solicitudes de licencia en la zona de la subida a Montecelo y, al Sr. Alcalde, este grupo político le pidió que se definiera sobre ese particular, la respuesta fue ninguno y no supo usted paralizar por la aplicación de las normas urbanísticas oportunas, estas primeras solicitudes de los crematorios y pasamos de dos que había en aquellos momentos a cinco. La idea que se suscito es que, gracias a la mala gestión, en Pontevedra se ubicaban un crematorio en el centro y cuatro más rodeaban la ciudad, una buena opción.

En fin, ahora ustedes los del PSOE, tienen la obligación de resolver lo que a sus socios les correspondía pero no por ello dejan de ser corresponsables pues a ustedes nadie les obligó ni les obliga a estar asociados al BNG para gobernar con un grupo político que no cumple sus compromisos ni sus normas urbanísticas vigentes. Ustedes están colaborando y apoyan a un grupo que se denomina el insumiso, al menos el Sr. Alcalde así lo entiende y les hace ser, de alguna manera, como ellos, debían de pensárselo.

Pues bien, en este asunto el grupo popular va a votar en contra y por dos razones fundamentales: la primera, por no recoger el acuerdo plenario de 22 de diciembre de 2012, usted lo mencionaba que hubo un acuerdo plenario y usted, de alguna manera dijo que se ajustaba a lo acordado en aquel momento, pues no es cierto, en aquellos momentos si es cierto que coincidían los suelos tal cual se veían afectados pero se olvidó que había una protección de 500 metros, no de 50, alrededor de los suelos que se suspendían las licencias. Ese suelo rústico que usted indica que protege, realmente ahora lo acaba de corregir y ha pasado de 500 a 50 metros y no nos ha



dado ni un segundo de explicación del por qué. Con ello no sólo incumple, y sin rubor, lo acordado en el pleno con el apoyo de nuestro grupo, porque nuestro grupo recordará que lo apoyamos, pero lo apoyamos 500 metros no 50, sino lo que es peor lo pactado con los ciudadanos afectados, aquello de alguna manera ustedes lo pactaron con los ciudadanos, pero hay otra razón, ustedes ahora no buscan soluciones, ahora lo único que están consiguiendo o pretenden es dar largas al asunto, el problema quieren trasladarlo, no resolverlo y pretenden que sea la Corporación que surja de las urnas del año 2015 quienes tengan que ocuparse de ello. Así lo demuestra, primero, que han dejado pasar casi un año desde que en el acuerdo plenario se dijo que se presentara la documentación, en este caso el proyecto para la aprobación inicial, podía haberlo resuelto en meses, dos, tres meses, pero no había prisa y han llegado al mes anterior de cumplir un año, o sea un año ya se lo han sacado de en medio.

Ahora, con la aprobación inicial, se produce suspensión de licencias y podían haberse adoptado dos vías, o un mes o dos meses, dos meses corresponde exclusivamente cuando la modificación del plan tiene envergadura, es decir se cambian volúmenes, se cambian suelos, pero cuando es una modificación puntual solo de usos se puede suspender sólo un mes, han cogido ya, como vía segura, la de dos meses, dos años, perdón, la de dos años porque da mucha más largura al asunto. Entonces, si analizamos, un año que ya han ganado más dos años que tienen ustedes ahora de suspensión, noviembre del 2015, quien gobernará o quien estará en esta Corporación en estos momentos, no lo sabemos, con lo cual el problema que se ocupen otros.

Lo dicho, sólo pospone el problema sin resolver nada y esto entendemos que es una trampa no sólo para los afectados sino también para las empresas que han solicitado licencia para estas obras o actividad y así le recuerdo que el artículo 77 de la LOUGA, ley del suelo de Galicia, dice, “el acuerdo de aprobación inicial determinará por sí sólo la suspensión del otorgamiento de licencias en aquellos ámbitos del territorio objeto del planeamiento”, y añade: “a estos efectos determinará expresamente las áreas afectadas por la suspensión”, pero también puede ser de aplicación el artículo 120 del Real Decreto de 1978 que más o menos dice lo mismo “la aprobación inicial de los planes determinará por sí sola la suspensión del otorgamiento de licencias”. El acuerdo por el que el plan inicialmente aprobado se somete a información al público expresará necesariamente las áreas del territorio objeto del planeamiento que quedan afectadas por la suspensión de las licencias, esto supone que el proyecto que proponen para su aprobación suspende todas las licencias para hornos crematorios en todo el término municipal por un plazo máximo de dos años salvo que antes se atrean a aprobar definitivamente la modificación puntual, a nosotros nos ofrece dudas. Y lo indicado referente al resumen ejecutivo del proyecto municipal de modificación puntual que se trae para su aprobación y leo, esto dice el proyecto que ustedes traen, delimitación de los ámbitos de la ordenación proyectada que altera la vigente, el ámbito de la modificación puntual es el término municipal, ya que regula el uso y actividad de crematorio en todas las clasificaciones y calificaciones del suelo, o sea no es una zona, es todo el término municipal y añade en el proyecto, ámbitos en los que se suspende la ordenación, se suspende en todo el término municipal, literal, las licencias de edificación para las nuevas edificaciones o instalaciones destinadas al uso de crematorio, incineradoras de cadáveres humanos o restos de exhumación, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 120 del reglamento de 1978, artículo 120 que acabo de leer hace un momento.

En resumen, esta propuesta de modificación puntual no resuelve y además engaña o

confunde a todos, cidadanos y empresas y por ello el Partido Popular no dará su voto a favor.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Muchas grazas, Sr Aguilar Argenti.

Ten a palabra o Sr. Louro.

**O Sr. Louro Goyanes:** Grazas, Sr. Alcalde.

Sres. do Partido Popular, Sr. Argenti, vostede sabe bastante máis de urbanismo que o que hoxe pretendeu demostrar aquí, sabe bastante máis e sabe que eu o valoro e o respecto.

Sr. Aguilar, vostede sabe que o 22 de maio do ano 2009 houbo un pleno da Corporación municipal de Pontevedra e vostede estaba aquí, si, o Sr. Moreira recorda que estaba aquí?, si, a Sra. Picallo recorda que estaba aquí?, tamén, recordan vostedes o que votaron ese día aquí?, recórdano ben, recordan e saben as consecuencias que ten o feito de haber votado o que vostedes votaron, eu non o votei, eu non o votei.

En outubro do ano 2012 o grupo municipal socialista presentou unha moción e o Sr. Jacobo Moreira presentou outra moción, saben vostedes o que dicía a moción do Sr. Moreira?, dicía: “o Pleno do Concello de Pontevedra acorda elaborar e someter a votación nun pleno extraordinario que se celebrará nun prazo de 15 días, unha ordenanza que prohiba a instalación de fornos crematorios en solo urbano residencial e en núcleos rurais, así como nun radio de distancia a vivendas que se determinará a proposta dos servizos técnicos municipais”, sabe Sr. Moreira o que estamos facendo aquí agora, debatendo unha modificación puntual para dar satisfacción ao que vostede pedía en este pleno da Corporación. Non se pode, Sr. Moreira, facer uso da manipulación co trazo gordo que vostede o fai, polo tanto, Sr. Moreira, o 12 de outubro vostede presentou iso aquí no pleno da Corporación e agora vostede vai votar o contrario de isto xustamente e o 22 de novembro, no pleno, aprobamos a proposta de modificación puntual e a suspensión de licenzas, vostedes tamén, agora vostedes non sabemos moi ben porque motivos e eu non vou facer xuízos de intencións, porque podía ter unha interpretación perversa, non o vou facer pero os papeis están e o que un dixo pois tamén.

O 22 de maio do ano 2009, Sr. Moreira e Sres. do Partido Popular, vostedes xunto con todo este pleno da Corporación aprobaba o plan especial de infraestruturas e dotacións, é dicir un plan urbanístico propio do tanatorio crematorio promovido por funeraria Sempsa en terreos rústicos situados a carón do cemiterio de San Amaro, iso fixérono vostedes e agora non se acordan; supóñome que a Sra. Picallo, que o Sr. Aguilar Argenti, e que o Sr. Moreira, aludo ao que leo nos papeis porque eu nunca estaba aquí, pero aludo ao que estaba nos papeis e vostedes estaban aquí e votaron unanimemente unha proposta, son vostedes xente sería?, Sr. Aguilar, somo serios, Sr. Moreira, vostedes si que son uns insubmisos, si son insubmisos, porque son insubmisos ao que aproba este pleno da Corporación co impulso e a iniciativa do propio grupo do Partido Popular, pero sobre todo o que non son e xente sería, o que non son e xente de fiar, non se pode ir con vostedes a ningún lado e o que fixeron xa o fixeron e ten consecuencias, porque non se lle pode dar ás cousas para diante e para atrás ao antoxo dun grupo político e ten consecuencias, e vostedes saben que ten consecuencias, non enganen á xente, fagan o favor, non enganen aos cidadáns de Pontevedra, non esperten unha alarma social falsa e non fundamentada. Corrixan a súa conduta, póñanse en sintonía con estas tres datas, 22 de maio do ano 2009,



outubro do ano 2012 e novembro do ano 2012, 22 de novembro, aquí están vostedes perfectamente recollidos, non fagan hoxe xustamente o contrario porque vai a haber moitos pontevedreses e pontevedresas que se dean conta e non llo van perdoar.

Nada máis e moitas grazas, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Louro.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** A digresión que nos soltou o Sr. Aguilar sobre de quen era a culpa é absolutamente fantasiosa, no novo plan despois de anos de reunións nunca plantexaron en absoluto vostedes nin estaba recollida na normativa, polo tanto é obvio que non ten nada que ver e demais.

Mire, a falta de criterio por non dicir algo máis forte, do seu grupo é de tal calibre que cando veu o plan especial de infraestruturas do tanatorio crematorio de detrás de San Amaro, vostedes votaron a favor e non so iso senón que se non fora polas trabas e as garantías que non as xestionei, non fun o responsable de xestionalo, foi no seu momento Teresa Casal, senón fora polas inmensas trabas que se puxeron hoxe estaría en funcionamento e vostedes votaran a favor, unanimemente, polo tanto agora coller e vir porque hai alguén que lexitimamente se pode sentir afectado, cambiando, a Administración non funciona así unha vez que se tomou unha decisión non hai volta atrás así tan fácil nin con esa alegría e, por certo, tampouco tivo ningunha alegación, tampouco tívoo a pesar de que foi notificado todo o mundo, unha vez pasado iso e pretender volvelo atrás é un pouco alegre, cando menos un pouco alegre.

Quero explicar aquí que o Sr. Louro non o explicou, por discreción, quero explicar aquí e recordar a primeira vez que veu isto a Pleno, a experiencia e o coñecemento do sector dá como consecuencia que é relativamente fácil de prever o que vai a pasar e naquel momento pois anunciouse que isto ía ser unha colección de preitos, ía a ser un lío xurídico monumental e, polo tanto, había que ir con pés de plomo, con cada paso que se dera para que ao final o Concello non saíra prexudicado. Díxeno antes, temos plena confianza nos xuristas do Concello, pódoo dicir e sábeo que debe ser o único Concello que nos últimos quince anos non perdeu ningún preito urbanístico, afortunadamente, en aquel momento pode perderse pero non se perdeu e temos plena confianza e farase e creo que o Sr. Louro así o está facendo, o que digan os nosos técnicos, en previsión de vai a haber moitísimos preitos, pero o que nunca agardábamos era que os preitos puideran chegar incluso á vía penal.

Quero contar un detalle porque despois a veces digamos que con boa intención pois resulta que aparece, un día abro un periódico, escoito a radio ou o que sexa e aparece alguén enchéndose a boca de que non hai diálogo, non se recibe e demais. Mire, o señor Louro recibiu a esa funeraria que máis lata está dando e sabe o que lle fixeron, trouxéronlle unha gravadora e graváronlle toda a súa intervención e máis a dos técnicos e despois levárona ao preito, non había nada obviamente. Estamos a ese nivel con esa historia, nunca sucedera en este Concello tal cousa, estamos a ese nivel, polo tanto prudencia, prudencia e garantía xurídica con estas cousas, toda a prudencia do mundo, sexan un pouquiño serios e dígollo, sexan un pouquiño serios, votaron a favor de esa modificación do plan especial de infraestruturas, votaron a favor, é firme e executivo, as responsabilidades para o Concello serían enormes, se agora se volve atrás de un acto que fixo, serían enormes, vostedes votaron a favor e agora desdinse porque non sei que cando isto podería estar funcionando perfectamente sen ningunha alegación senón fora polas trabas que o propio Concello lle pu-

xo a toda a tramitación, estamos a ese nivel e despois se lle enche a boca, diálogo, non sei que, digo as funerarias, cando fan cousas que en fin, vostedes entenderán o que significa, ou sexa que piden unha entrevista cun concelleiro e veñen cun espía disfrazado de avogado e para gravar a conversación e despois saímos no periódico dicindo e que non reciben, non hai diálogo, por favor, e que parece que non coñecemos como é o sector e como funciona, a eses niveis estamos, un pouquiño de seriedade pídlle por favor, un pouquiño de seriedade e de responsabilidade, isto non é vir aquí a sacar unha declaración fácil, que cada un faga o que queira, que tamén hai todos uns actos por atrás e hai todo un mundo por atrás que hai que ter en conta e hai que saber como se actúa e afortunadamente temos espaldas todos, ben cubertas porque temos uns servizos xurídicos e urbanísticos absolutamente extraordinarios, porque se chegamos a telos un pouco malos podíamos estar metidos nun lío, todos, incluídos vostedes por ter votado a favor, dos bos.

Por favor, un pouquiño de seriedade, se os técnicos municipais fan esta proposta de modificación, á parte lla explicaron, á parte déronlle as razóns de por que se facía así, déronllas na Comisión, por favor un pouquiño de responsabilidade que o asunto é bastante máis feo do que parece por todos os axentes que hai implicados, hai que darlle satisfacción ata onde se poida dentro de ter as máximas garantías xurídicas para que isto non se converta nun lío dos bos, pero lío con consecuencias moi feas.

Non son xogos florais de se vamos para arriba ou se vamos para abaixo, de se o plan de se non sei que, de se o Sr. Lores dixo na campaña ou deixou de dicir, que vostedes dixeron, esas son declaracións que leva o vento, estamos falando de cousas máis serias, infinitamente máis serias, acabo de dar ese detalle e podería dar máis, transcribíronlle toda a conversación na querela esa que lle presentaron e sacan esa conversación, a que nivel estamos.

Pídlle, por favor, un pouquiño de seriedade con este asunto deixémonos levar polos técnicos municipais que teñen demostrado que o saben, senón obviamente nun asunto destes habería que buscar man de unha asesoría externa, porque sabemos que hai escopetas moi cargadas e hai que ir, digamos, pola liña de máxima garantía xurídica que e pola que está indo. Entonces, por faro, pídlles que sexan un pouquiño serios e se deixen de enredar con estes asuntos.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Mosquera.

A continuación, concede a palabra ao portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Jacobo Moreira Ferro, que solicitou intervir por alusións.

**O Sr. Moreira Ferro:** Sr. Louro, interveño por alusións, fixo vostedes referencia á miña persoa en varios temas e me gustaría aclarar punto por punto cousas que vostede dixo sobre a nosa actuación e, en particular, sobre a miña actuación.

Mire, no tema dos crematorios o único grupo municipal que fixo propostas dende o principio foi o grupo municipal do Partido Popular, o primeiro que propuxo suspender licencias foi este grupo municipal, vostedes votaron en contra se ben é verdade que un mes despois decatáronse de que había, efectivamente, era a suspensión de licencias, primeiro punto, aquí quen abriu sempre solucións foi o grupo do Partido Popular, que quede claro; en segundo lugar, efectivamente nós presentamos esa emenda para que foran os servizos técnicos os que marcaban unha distancia de seguridade porque os veciños reclamaban unha distancia de seguridade para marcar, para procurar que os crematorios non prexudicasen ou non molestasen ás súas vi-





vendas. Efectivamente os servizos técnicos o que propuxeron foron 500 metros.

Outra proposta que nós fixemos foi facer un novo plan xeral, non conformarse cun parche que vostedes se conforman cun parche dunha modificación puntual, propuxemos un novo plan xeral e aproveitamos a oportunidade para regular un parque funerario nun sitio en que non molesta a ninguén. Ben, vostedes non quixeron, quixeron sacar adiante unha modificación puntual con suspensión de licenzas en ámbito de cincocentos metros e nós, o dixen aquí neste pleno, está redactado nas actas, por compromiso cos veciños votamos a favor pero polos veciños non por vostede porque dixemos reiteradamente que esa non era a solución.

Previamente, vostede xa tratou de enganar na Xunta de Portavoces porque a orde do día, o plan inicial que vostede traía para suspender licencias non abranguíamos todos os proxectos que estaban en trámites, descuberto o embuste vostede modificou, está nas actas da Xunta de Portavoces para velo, coa a orde do día e o proxecto que trouxo a este pleno, mudou efectivamente pola presión veciñal ou polo que fora e descuberto o embuste vostede modificou o ámbito que abranguíamos á modificación e á suspensión de licenzas e afectou a todos os proxectos, por iso votamos a favor, isa era a proposta dos técnicos, 500 metros e afectaba a todos os proxectos que estaban en vigor.

Vostede, posteriormente, unilateralmente, quitoulle un cero aos 500 metros e quedou en 50 metros, polo tanto non confunda os termos, nós apoiámos a proposta inicial, en segundo lugar nós o plan especial creo que o votamos a favor, efectivamente, pero é que a nós ninguén nos dixo nunca que houbera alegacións de particulares en contra de ese plan especial, posteriormente algún veciño nos ensinou alegacións que se presentaron, con selo de entrada, e nós tivemos que dicir que no expediente non nos notificaran a existencia desas alegacións, en todo caso nós non renegamos do feito, votamos a favor de ese plan especial, pero vostedes tampouco renegaron de un plan xeral que permitía construír crematorios en Arcebispo Malvar, ata que xurdiu o problema, polo tanto vostedes tamén están mudando un plan xeral que estiveron utilizando durante moitos anos, pero iso non o queren recoñecer, soamente queren recoñecer que o Partido Especial apoiou un plan especial, pois claro que si, non nos constaba a existencia de oposición, agora nos consta a existencia de oposición, efectivamente, eu non sei porque está vostede aquí, nós estamos polos veciños e se os veciños non queren 50 metros e queren 500 nós apoiámos só 500 metros.

Polo tanto, Sr. Louro, soamente quería matizar esas alusións á miña persoa e dito isto, Sr. Alcalde, agradézolle o turno de intervención e nada máis, moitas grazas.

**Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Sr. Aguilar Argenti, ten a palabra.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Si, muchas gracias, Sr. Alcalde.

Sr. Louro, usted ha hecho hincapié en que el Partido Popular votó a favor de un plan especial para hacer un horno crematorio pero se ha olvidado de hacer hincapié también de quien trajo eso a este pleno fue usted y el grupo del BNG y que ustedes votaron a favor. Le ha preocupado mucho que el Partido Popular haya votado a favor pero y su voto, ¿cómo fue?, ¿quién trajo eso al pleno?, ustedes. ¿Quiénes son los iniciadores del problema?, ustedes, que nosotros hayamos votado luego a favor porque venía con todos los informes favorables municipales, pues sí, pero el tema de donde surge y los que han votado, o es que ustedes no han votado, porque mucho hablar de que el Partido Popular votó, pero ustedes votaron con mucho gusto, o sea

no se olviden de su voto.

Por otro lado, le quiero hacer ver, Sr. Louro, usted menciona que nosotros no hemos sido consecuentes con lo que aprobamos en el anterior pleno de noviembre de 2012, es que si somos consecuentes, en aquellos momentos se hablaba de una franja de protección de 50 metros y luego se habla de 500, pues caramba los que no son consecuentes son ustedes que lo han modificado, no dan ninguna explicación e intentan a ver si cuela, como falta un cero si uno lee a lo mejor se equivoca, pues no, nosotros somos los únicos que somos consecuentes.

Por otro lado, Sr. Mosquera, usted habla de una grabadora y dice que conoce muy bien al sector y por qué nos lo dice a nosotros, que quiere hablar contra el sector de las funerarias, de que hay un problema de grabaciones, le ha dedicado usted un tiempo que podía haberlo dedicado a justificar las actuaciones que usted ha llevado a cabo, con respecto al plan general por ejemplo, por qué vienen todos estos problemas, porque usted que es el que tiene que ocuparse de estos asuntos no se ocupa de ellos se dedica a otras cosas y lo de las grabadoras creo que por no constar no debía ni de figurar en el acta del día de hoy, no sé a qué viene a cuenta y que usted dice que conoce al sector y lo ha dicho de una manera peyorativa, pues no sé lo que dirá el sector de usted.

Por lo tanto, realmente creo que nosotros somos consecuentes porque estamos votando en contra de una distancia que no estaba pactada; y, segundo, que los que paralizan el llevar adelante el plan especial que tanto les preocupa son ustedes, el proyecto que ahora se está queriendo aprobar, realmente dice y si antes intenté decirlo y ahora lo repito que se suspenden las licencias en las áreas afectadas que determina el proyecto, y las áreas afectadas son todas, se lo he dicho, el proyecto lo dice, dice que se suspende en todo el término municipal, por lo tanto en todos los suelos, incluso en ese plan especial de Funespaña, quien paraliza ahora el Funespaña, ustedes, el plan especial que ahora están defendiendo que parece que es algo propio, son ustedes los que están con el proyecto que han presentado suspendiéndolo, sí señor, se suspende en todo el término municipal, lo dice el proyecto, yo supongo que lo habrá leído, dice: delimitación de los ámbitos de ordenación proyectada que altera al vigente, dice el ámbito de modificación puntual es el término municipal, ya que regula el uso y la actividad del crematorio en todas las clasificaciones y calificaciones del suelo, todas, no menos el plan especial que propone Funespaña al lado del cementerio, de eso no dice nada, eso no lo aparta. Cuando ya matiza más y dice, ámbitos en los que se suspende la ordenación, se suspende en todo el término municipal las licencias de edificación para nuevas instalaciones destinadas al uso de crematorios, no dice que el de Fundespaña que ustedes defienden con tanto ahínco, el propio proyecto lo dice, haber leído el proyecto, quieren aprobarlo así, son ustedes los que paralizan esa opción no el grupo popular. Por lo tanto no se yo de que se rasgan las vestiduras, presumo que lo que están es queriendo hacer una cosa, se ve que en la cabeza tiene una cosa pero se ha hecho otra, los técnicos municipales han hecho otra, esos buenos técnicos municipales que tiene este Ayuntamiento no han tenido el atrevimiento de hacer lo que ustedes pretenden.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Sr. Louro, ten a palabra.

**O Sr. Louro Goyanes:** Gracias, Sr. Alcalde.



Despois de escoitalos a vostedes, Sr. Moreira e Sr. Aguilar, a verdade é que a súa credibilidade floxea moito, porque vostedes, vostedes saben mellor que ninguén, mellor ou tan ben como calquera do que estamos a falar, a súa credibilidade fraquea e confiar en vostedes é unha acción de alto risco.

Esta proposta que hoxe traemos a este pleno recolle xustamente todos os planteamentos que fixo o Partido Popular, votando unanimemente neste pleno da Corporación, os informes técnicos Sr. Moreira, para unha suspensión cautelar, recomendaron 500, porque se trataba dunha suspensión cautelar, e sabe vostede para que fixemos a suspensión cautelar?, pois para parar e para pensar e para recabar información e para darlle aos técnicos municipais o tempo necesario. Pois mire, vostede declinaba esa cuestión nos técnicos municipais, os técnicos municipais acaban de redactar unha proposta que traemos a este pleno da Corporación e esa proposta, reitero, foi redactada polos técnicos municipais e sinalan 50 metros, e sinalan 50 metros porque hai que ser coherentes e hai que ser serios, porque o regulamento de policía mortuoria, que regula isto a Xunta de Galicia, establece que os cemiterios poden estar a 50 metros, pois en coherencia con iso introdúcese o dos 50 metros, porque ten que haber seguridade xurídica e ten que haber coherencia tamén no corpus normativo que se vai xerando. Agora os 50 metros son para unha suspensión ordinaria e en coherencia con...; agora miren unha cousa isto era o que traían os periódicos no ano 2009 e dicía “luz verde ao plan especial que dará cobertura a un crematorio en San Mauro”, e sabe porque dicían isto, luz verde, porque o pleno da Corporación unanimemente acababa de aportalo, el crematorio de San Mauro tiene su último visto bueno, eran vostedes; el crematorio de San Mauro recibe el impulso final para a súa posta en marcha, eran vostedes; que o que os fai vir hoxe como veñen a este pleno?, vostede non o di e pretende mover catro votos por isto, vostedes non sabe a xente é máis lista que todo isto. Vostede pretende mobilizar a conciencia de catro o seis persoas axustando á xente e confundido á xente, Sr. Moreira, vostede non sabe que por ese camiño non se vai a ningunha parte, nin na vida nin na política, tampouco, non cren confusión, eu sei que nese grupo a gran maioría sinte en este momento como sinto eu, e sei que alguén está facendo algún papelón aquí, o papelón tocoulle e ten que facelo, pero sei o que pensa e sei como pensa.

Eu pídolles por última vez que voten en coherencia co que teñen dito, co que teñen manifestado, co que teñen esixido, fágano de acordo co que se ten debatido neste pleno da Corporación porque así daremos crédito tamén a todo, tamén á política.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

Incidencias.- Incorpórase á sesión don Vicente García Legísima.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial ao “Proxecto de modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana do municipio de Pontevedra, para establecer e regular o uso de crematorio”; instrumento urbanístico redactado polo arquitecto municipal xefe da Oficina de Planeamento e Xestión Urbanística, datado o 11/09/2013, cuxa moti-

vación e oportunidade se xustifican na proposta da Tenencia da Alcaldía do 15/11/2012 e no seu desenvolvemento no propio proxecto e no informe proposta da Dirección xeral da área de Urbanismo do Concello do 16/09/2013 e demais que constan no expediente.

Segundo.- Dispoñer o sometemento deste expediente a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Editos do Concello de Pontevedra, na páxina web <http://www.pontevedra.eu> e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, con notificación individual aos interesados, todo isto aos efectos de que durante tal período poidan formularse as alegacións e suxestións oportunas, computándose o prazo de alegacións dende o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e ata o transcurso do prazo de dous meses a contar desde a última das publicacións referidas.

Terceiro.- Dispoñer a suspensión das licenzas de edificación para novas edificacións ou instalacións destinadas ao uso de crematorio, incineradoras de cadáveres humanos ou restos de exhumación, estendendo o seu ámbito a todo o termo municipal mais sen prexuízo do disposto no artigo 120 do Regulamento de Planeamento, Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño.

No anuncio de aprobación inicial farase expresa mención á presente suspensión, con referencia ao devandito Proxecto de modificación puntual respecto da nova normativa proposta, proxecto no que, así mesmo, consta o preceptivo resume executivo.

Cuarto.- Conceder audiencia aos seguintes organismos, co obxecto de que remitan este acordo aos diversos órganos periféricos das súas respectivas administracións públicas con atribucións na materia, co fin de que poidan formular as correspondentes suxestións/alegacións ou emitir os seus oportunos informes, no prazo dun mes a contar dende a notificación deste acordo, podendo durante o referido prazo, examinar no Concello o expediente:

- Delegación do Goberno Central en Galicia.
- Delegación Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia.

### **3.- ECONOMÍA E FACENDA: EXPEDIENTE DE ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DA TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTOS POR DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA, E MÁIS A TAXA POR SERVIZOS URBANÍSTICOS NA SÚA MODALIDADE DE OBRAS MENORES POR DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA; E MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA POR TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS, ASÍ COMO DA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN.**

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 23.10.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 08.10.2013, relativa ao establecemento e ordenación da taxa por apertura de establecementos por declaración responsable ou comunicación previa, e máis a taxa por servizos urbanísticos na súa modalidade de obras menores por declaración responsable ou comunicación previa; e modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do imposto sobre construcións, instalacións e obras, da taxa por tramitación de licenzas urbanísticas, así como da xeral de xestión,



SECRETARÍA XERAL DO PLENO

recadación e inspección.

A devandita proposta aprobouse como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 21.10.2013 (modificado, segundo informa o Sr. Secretario, no ditame da Comisión do Pleno no que atinxe á súa vixencia, eliminando as disposicións finais e constando a data da súa vixencia no acordo plenario que, no seu caso, se adopte nesta sesión).

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. González Carballo**: Unha cuestión de orde, Sr. Alcalde, era bo tratar, aínda que sexa votación separada, o punto 3 e 4 conxuntamente senón nos vamos a repetir nas intervencións. Se é posible que se dera lectura ao acordo da Comisión do punto catro.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Eu non teño inconveniente. O portavoz do Partido Popular?

Contesta don **César Abal González**, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular: Sí, temos inconveniente.

Continúa o **Sr. Alcalde-Presidente**: Teñen inconveniente, entón hai que tratar os dous puntos indistintamente.

Sr. González Carballo. Sexa relativamente breve porque isto se pode prolongar moito.

O **Sr. González Carballo**: Se con un tanatorio botamos unha hora..., por iso dicía eu, por economía procesual, tratar os dous asuntos nun pero eu vouno a facer igual salvo que me chame á orde.

Vamos a ver, evidentemente estamos tratando do tema das ordenanzas fiscais e aínda que a cuestión de un dos asuntos da orde do día é unha adaptación polo tema da declaración responsable e outro sexa ou ben porque se introducen bonificacións ou incrementos, pois creo que é xusto tratar os dous temas conxuntamente.

En primeiro lugar, dado que estamos falando de taxas e de impostos, non está demais mirar para atrás e ver que a presión impositiva ou a presión fiscal deste Concello nos últimos anos foi descendendo, non só hai taxas que non se actualizaron dende hai anos senón que ao mesmo tempo as que foron subindo foi en menor medida sempre que o IPC se hoxe computamos dende o inicio da crise no ano 2007 e así vemos como en materia de IBI, dentro das capitais de provincia ocupamos o posto 42, o ano pasado era o 40, no IAE ocupamos o posto 35, o ano pasado era o 32; en vehículos ocupamos o 44; ou en ICIO ocupamos o 43 ou en plus valía o 46; quero dicir que ou ben descenderon ou se manteñen estables. Non so con respecto ás capitais de provincia, se nós collemos todos os concellos do Estado español, pois vemos que a nivel de IBI no presente exercicio ocupamos o posto 2.011 a nivel de todo o Estado, no IAE o posto 551, no ICIO 1.409 e en vehículo o 1.013 e tendo en conta que somos a 85 cidade con máis poboación. Quero dicir que é evidente que hai unha

baixa presión impositiva e non só iso senón que esta foi diminuindo nos últimos anos.

Como exemplo o de hoxe, vamos a actualizar unha serie de taxas e impostos no 1,8 % aproximadamente pero non afectan a todos os impostos municipais nin afectan a todas as taxas, polo tanto a suba media dos ingresos municipais é inferior ao 1%, esta é a situación real e xa, polo concreto dicir, que xa a nivel do primeiro asunto da orde do día o número tres, aquí o único que se trata son modificacións no de tipo impositivo senón que é introducir a regulación de a declaración responsable ou comunicación previa en determinadas cuestións como pode ser a apertura de establecementos, e o que leva consigo tanto en licenzas como en ICIO como na ordenanza de xestión e recadación xeral.

Evidentemente, tal e como se desprende do expediente é unha regulación para maior abundamento, como dicía o meu compañeiro, Sr. Mosquera, antes, evidentemente porque os servizos xurídicos estiman que así debe ser, pero tamén lle recordo que o propio servizo xestor, o que é o órgano de xestión tributaria entendía que estes temas estaban perfectamente regulados na ordenanza, que non era necesario, aínda que despois a Asesoría Xurídica e o Tribunal Económico Administrativo estimaba que si era necesario recollelo expresamente, pois evidentemente fixémoslle caso aos servizos xurídicos e evidentemente tardou un tempo e se recollen expresamente e ademais con un estudo económico financeiro. Todo isto despois de reiteradas reunións e de reiterados informes se chega a isto.

Este é o primeiro bloque de ordenanzas e, o segundo, o relativo ás demais ordenanzas fiscais dicir que, en xeral, deben ser aproximadamente 10 soben o 1,8% e, en todo caso, hai unha serie delas -mentres estea no turno de palabra, Sr. Aguilar, senón me a quita o Sr. Alcalde, vostede pode opinar pero máis non-, en canto ás demais supoñen así como criterio xeral unha suba do 8%, insisto, que afectan a 1,8% en conxunto, á metade da recadación municipal, máis ou menos, e se recollen cousas moi interesantes como é o convenio ou acordo don AEMPE de non incrementar, de feito se lle baixa, a xestión de rede de sumidoiros e abastecemento de auga, como pode ser o tema do fraccionamento do IBI ou como pode ser o tema de mudanzas ou actividades organizadas por ONG.

Evidentemente, entendo que é unha suba nimia, ridícula case, non para aplaudir como unha suba de un 33,5% iso si que se aplaude pero unha cousiña así del tres al cuarto non se pode aplaudir. Ou, en todo caso, como no pleno do venres da Deputación Provincial que se aprobaron unhas taxas, un incremento de taxas do 11,3, ao que o BNG se abstivo, non por unha cuestión de que fora ou non fora abusiva senón por unha cuestión de que nós estamos de acordo con que se suban as taxas no IPC pero todos os anos, non acumular como foi o caso do ano 2008 e entón agora tense que dar esa suba.

De todas maneiras, en canto a outra das cuestións que ven aquí pois é as gloriosas propostas ou alegacións do Partido Popular, alegacións ou escritos que xa foron discutidos noutro pleno porque son unha copia exacta e fidedigna das do ano 2012 e por senón estivera claro, no ano 2012 di: "Impuesto de actividades económicas, en la actualidad estamos comprobando cómo el Ayuntamiento de Pontevedra no aplica la máxima carga.." etc, e collemos o outro o do ano 2013 e di: "en la actualidad estamos comprobando cómo el Ayuntamiento de Pontevedra no aplica la máxima carga impositiva que la ley permite..." mallado, pode ser en un; collemos o IBI, rústica, e di: "según los presupuestos se recaudan por este concepto 15 mil euros al año", na do 2013, "según los presupuestos se recaudan por este concepto 15 mil euro al año", e di, "para una recudación tan baja" e no do 2013, "para unha recudación tan baja", é dicir, é tal o esforzo que levou que, evidentemente, xa sei que o ano pasado quen as



fixo foi o Sr. Guillán a quen vostedes expulsaron do grupo municipal e repítenlle as mesmas, home creo que o debían de recuperar aínda que fora como asesor, porque polo menos fixo aí un traballo, esteamos de acordo ou non e está aí, pero neste caso o único é que pláxianlle totalmente as súas propostas, perdón, cambia a data de rexistro unha fora en outubro deste ano e a outra en novembro do ano pasado, cambia iso pero substancialmente, xa vos digo, é tan así que ata os mesmos erros tipográficos cometen vostedes. Como comprenderán xa foron discutidos neste pleno os mesmos asuntos, polo tanto non temos nada do que tratar.

En todo caso, de igual maneira que van a votar a favor das taxas de apertura, etc., creo que deberan cambiar o seu voto porque a actualización do 1,8% malamente dá para o incremento dos contratos de auga, lixo, etc., malamente dá para iso, entón polo menos un pouquiño de coresponsabilidade creo que non lles vería mal.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

**O Sr. Fernández González:** Aínda que comparto a suxerencia do concelleiro de Fazenda de unificar os dous puntos da orde do día porque me parecería moito máis lóxico, nós vamos a ser respectuosos coa orde do día. Entón, eu entendo que estamos no punto 3 e non teño nada máis que dicir.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Nada máis que dicir.

Pasamos a palabra ao Sr. César Abal.

**O Sr. Abal González:** Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Acabamos de asistir, Sr. González, a algo insólito. Sabíamos que Lores era insumiso lo había anunciado públicamente incluso en el pleno y nos acabamos de enterar ahora mismo que usted se ha declarado insumiso al Alcalde Lores, le acaba de decir que no puede tratar por separado el punto 3 y 4 y acaba de mostrar su insumisión y trata el 3 y 4 por seguido, muy interesante, hoy que están aquí muchos vecinos, comerciantes de Echegaray a lo mejor pueden tomar nota de todo esto, ya que usted acaba de abrir la vía para la insumisión al Alcalde Lores, muy interesante Sr. Raimundo.

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente:** Interesante y profundo, Sr. Abal, muy profundo.

Continúa o **Sr. Abal González:** Yo como no voy a ser insumiso, voy a tratar sobre el punto 3, usted sabe perfectamente que en la comisión votamos a favor de este punto y en contra del siguiente, se lo anunciamos el voto, usted lo quiere mezclar, quiere jugar un poco con todos los argumentos pero por ahí no va a pasar, Sr. Raimundo.

Como bien sabe, usted que se lee todas las actas, en el pleno del 23 de julio del 2012, nosotros mismos le dijimos aquí en el pleno del Ayuntamiento que la declaración responsable, la licencia express necesitaban de adaptar la normativa, han tardado quince meses en hacerlo, nos alegramos por ello y le anunciamos el voto a favor porque esto crea seguridad jurídica a todo el mundo.

Es interesante comprobar como hay dos gobiernos, no hay uno sólo hay dos, uno

lleva las tasas y la otra parte lleva la licencia express y no se ponen de acuerdo, consecuencia, quince meses de diferencia entre que se hace la normativa de licencia express y la adaptan para poder cobrar a la gente.

Nada más, nuestro voto a favor y nuestra sorpresa.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. César Abal.  
Sr. Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** É que me fai un pouco de gracia isto de que haxa dous gobernos, porque o problema non é que haxa dous gobernos, o problema é que hai once oposicións variopintas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Fernández.  
Sr. González Carballo, ten a palabra para contestar a este argumento e logo votamos.

**O Sr. González Carballo:** Eu a este argumento non teño nada que contestar. Eu só quería darlle as gracias porque acaba de demostrar palpablemente que non temos ningún afán recadatorio, porque senón xa o tíñamos feito.

Entón, non temos ningún afán recadatorio, que se empeñan continuamente, ve como non o temos e vostede mesmo o acaba de dicir.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (25), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local (coa modificación incluída no ditame da devandita Comisión, no que atinxe á súa entrada en vigor) e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o acordo de establecemento e ordenación da taxa por apertura de establecementos por declaración responsable ou comunicación previa, e máis a taxa por servizos urbanísticos na súa modalidade de obras menores por declaración responsable ou comunicación previa.

Segundo.- Polo tanto, aprobar provisionalmente a modificación das:

1. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por apertura de establecementos
2. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos urbanísticos
3. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
4. Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección

Terceiro.- Expor ao público os devanditos acordos de aprobación provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles, prazo durante o que, os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do referido Real decreto legislativo 2/2004, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Así mesmo, procederase á publicación dos anuncios de exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, contando o prazo de exposición e de presentación de alegacións desde o día seguinte a cada unha das correspondentes





publicacións.

Cuarto.- Considerar definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para isto. Noutro caso, adoptaranse os acordos definitivos que procedan á vista das reclamacións que se presentaran.

Quinto. Proceder, unha vez adoptados definitivamente os acordos referidos, á súa publicación, así como do texto íntegro da modificación das ordenanzas, no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor o 01.01.2014.

#### **4.- ECONOMÍA E FACENDA: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2014. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E 14 MÁIS.**

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (voto en contra do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 23.10.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado da área de Facenda e Medio Ambiente, de data 18.10.2013, relativa á modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2014. Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e 14 máis.

A devandita proposta aprobouse como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 21.10.2013 (modificado, segundo informa o Sr. Secretario, no ditame da Comisión do Pleno no que atinxe á súa vixencia).

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. González Carballo**: Enténdase repetida a intervención do punto anterior.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente**, outorga a palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González**: Agora como estamos no punto catro, falemos do punto catro.

Simplemente para dicir que seguramente seríamos moito máis populares, que non do Partido Popular, senón actualizáramos as taxas pero iso sería tanto como caer na incoherencia e na demagogia e mesmo na inxustiza, polo tanto entendemos que esta é unha actualización razoable e o IPC é o 1,8% e vai a contar co voto favorable do grupo socialista.

A continuación, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede a palabra a don César Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Abal González**: Gracias, Sr. Alcalde.

Queríamos tratarlo por separado, efectivamente, porque vamos a votar en un punto a favor y en otro en contra, como usted muy bien sabe Sr. Raimundo, las tasas que usted decide subir, unilateralmente, no sé si lo han negociado ustedes dos, yo no tengo constancia de que haya abierto esta negociación, tanto en su grupo de gobierno como en la oposición, lo normal cuando se produce una subida de tasas es reunirse con la oposición y tratar el asunto, nosotros como nos ha demostrado que sabe leer le hemos vuelto a traer las mismas propuesta y se las volveremos a traer hasta que se siente con nosotros y decida tratarla, pero bueno se olvidó que este año hemos incluido, a mayores, sobre los centros educativos, eso no le ha interesado mencionarlo.

Muy bien, Sr. Raimundo, si es verdad, como usted dice, que tenemos un remanente de trece millones de euros y si es verdad que tenemos superávit en el concello, no entendemos en este grupo como tiene que recurrir a una subida de tasas alegando, además, la necesidad de la Ley de estabilidad presupuestaria, de mantener el equilibrio, si ya tenemos superávit, por qué alega subir las tasas, es algo que no entendemos y que sospechamos que aquí hay gato encerrado, se nos ha mostrado ahí que habla de capitales, de ciudades, por España adelante, muy bien, dedica mucho tiempo a analizar otras ciudades y no sé si dedica ese mismo tiempo a la ciudad de Pontevedra que es la que nos interesa y esa es la que tenemos que hablar. La realidad, en la ciudad de Pontevedra, es la siguiente, en el año 99 cuando ustedes llegaron el apartado por recaudación de tasas e ingresos era 8.116.271,53 €, en el último presupuesto del año 2012, el apartado de tasas e ingresos es 17.718.690,41, esto conlleva una subida, desde que ustedes están gobernando, de un 118%, disfrácelo como usted quiera, ponga e invente lo que usted quiera y busque las estadísticas que usted quiera, pierda el tiempo analizando otras ciudades pero céntrese en Pontevedra, Sr. Raimundo, que es lo que le pedimos.

No entendemos como en un momento de crisis no intentan ni congelar impuestos, ni siquiera una bajada, argumentaba usted también que las tasas descienden, descienden según sus cálculos y me parece penoso, me parece penoso, Sr. Raimundo que hablando de las tasas tenga que recurrir a un argumento tan pobre, recurrir a una persona que no está aquí y que no se puede defender con el Sr. Guillán, que tenga que recurrir para argumentar su subida de tasas a una persona que ya no está aquí y que no se puede defender, me deja realmente muy preocupado, Sr. González.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sr. Abal.  
Sr. Fernández González, ten a palabra.

**O Sr. Fernández González:** Eu estaba escoitando con atención, Sr. Abal, e a verdade e que estaba pensando en Lon Chaney, aos que nos gusta un pouco o cine, foi un actor de películas de cine mudo ao que chamaban o home das mil caras, porque tiña unha facilidade innata para caracterizarse, entón parece realmente que o Partido Popular é o Lon Chaney da política porque teñen vostedes unha gran facilidade para facer e dicir unha cousa nun foro e a contraria en outro foro. Para vostedes eses argumentos da coherencia e responsabilidade son termos absolutamente alleos á súa práctica política, non, entón o seu discurso de me o permite, con todo o respecto, parece un mal guión de unha película de serie B, de verdade. Mire, como é posible que un partido que si di o que quere ser é serio e coherente, que di que ten vocación de goberno en Pontevedra, como é posible que se presente nun pleno do concello e se despache con uns argumentos contrarios á actualización das taxas ao mesmo tempo que está caladiño cando soben as taxas e os impostos outras administracións



onde goberna, como é posible?, que clase de coherencia é vir aquí a votar contra unha actualización das taxas do 1,8% cando o venres pasado o seu partido o seu xefe, o Sr. Louzán, na Deputación aprobou unha suba de taxas, no Príncipe Felipe, do 11%, por certo, co voto favorable da Sra. Vázquez, que está sentada aí con vostede, como é posible falar de coherencia, con que argumentos, con que cara lle van a explicar vostedes aos cidadáns de Pontevedra que se opoñen aquí a unha actualización do 1,8%, pero están muditos cando o goberno central e mesmo o goberno da Xunta de Galicia, están subindo os impostos e as taxas tamén aos cidadáns tamén de Pontevedra.

Mire, vostedes chegaron ao goberno de Madrid, ao goberno do Estado, prometendo, incluso por escrito, no seu programa electoral que non ían a subir os impostos, e levan 30 subidas de impostos, 30 subidas de impostos en dous anos, corríxame se me equivoco, non escoitei nunca a ninguén do Partido Popular de Pontevedra queixarse desas 30 subidas de impostos que tamén afectan aos cidadáns de Pontevedra e agora veñen aquí, lanzan un discurso demagóxico de que se subimos a presión fiscal aos cidadáns de Pontevedra por unha actualización dun 1,8, para ver se así acadan uns votiños, xa o intentaron antes co tema dos crematorios, seguen intentándoo agora, a min me resulta totalmente incoherente, de verdade. Enténdame, en termos políticos, que un partido que goberna no Estado, un partido que goberna na Comunidade Autónoma, que goberna na Deputación, actúe con tanta irresponsabilidade como están actuando vostedes neste tema e o problema é que non é un caso aillado porque se fora nun punto da orde do día pois se podería entender pero claro o certo e que fano vostedes en todos os puntos da orde do día. Se vostedes están tan preocupados pola carga fiscal que soportan os cidadáns de Pontevedra, opoñanse vostedes á suba do 1% de IRPF para rendas inferiores 17.700 €, ou opoñanse vostedes á subida do IVE do 18 ao 21, ou do 8 ao 10, acórdanse vostedes de cando a Sra. Aguirre e o Sr. Rajoy estaban nunha mesa petitoria pedindo votos para que non se subise o IVE, monten vostedes unha mesa petitoria tamén na praza da Peregrina, móntena opoñanse vostedes. Tamén podería opoñerse ao copago farmacéutico ou ao repago dos medicamentos para os crónicos hospitalarios, tamén poderían opoñerse. Poderían opoñerse ao pago das ambulancias para transportes hospitalarios non urxentes ou para o pago das próteses; poderían opoñerse ao recorte das becas, poderían opoñerse á subida imposta do IBI, poderían opoñerse a todo iso, poderían opoñerse a este novo imposto que nos calzaron, creo que neste último consello de ministros, de un 6% sobre todas as enerxías eléctricas que vai a repercutir no recibo da luz dos cidadáns de Pontevedra, moitísimo máis que o 1% da actualización das taxas, poderían vostedes opoñerse a todo iso, se vostedes estiveran preocupados polos bolsillos dos cidadáns de Pontevedra, pero parece que non están moi preocupados.

O que roza o inadmisibile, e que sería cómico senón fora porque a min me resulta incluso indigno politicamente e que veñen aquí a opoñerse á subida das taxas un 1,8% cando, ao mesmo tempo, defenden un incremento por enriba do 20% na taxa das basuras que será o que se ten que producir para manter o equilibrio económico de Sogama, e o equilibrio económico de Sogama non son palabras mínimas, pero vostedes deféndeo e di o Sr. Moreira, que supoño que, por alusións, tamén quererá intervir despois na rolda de prensa desta última que deu, di “si Sogama sube la tasa será porque es necesario”, manda carozo na Habana, é dicir os defensores dos intereses de Pontevedra se opoñen a que se actualicen as taxas en 1,8 pero non teñen ningún inconveniente en apoiar unha subida da basura do 20%, esa é a coherencia, home, por favor, están vostedes facendo un papelón. Eu non sei se vostedes teñen

asumido que son uns interinos que están aquí a ver como acaban este mandato e a ver se os xefes os colocan no seguinte mandato ou non sei o que pero isto é realmente abraiante.

Vostedes chegan aquí e se escandalizan por todo e andan escandalizados polo que fai o goberno ou polo que deixa de facer o goberno e sempre que poden montan unha rolda de prensa para montar unha escandalera, pero saben vostedes o que é un escándalo, un escándalo é licitar un estadio de fútbol por 7,4 millóns e que acabe custando máis do dobre, iso si que é un escándalo, pero diso vostedes non din nada, nin dan explicacións, por certo o que ten que dar explicacións vainas a dar e prontiño, xa llo anuncio, prontiño vai a ter que dar explicacións, pero sobre iso vostedes non din nada, de 7,4 a máis do dobre e non pasa nada porque como o fixo Louzán e xa non falo das pousadas, entón claro viven vostedes na desorientación e pretenden desorientarnos a todos nós e non o van a conseguir, vostedes cren que todo vale e non vale todo, a coherencia ten un rigor e unha percepción por parte dos cidadáns que non ten a incoherencia e vostedes están caendo na incoherencia e eu a verdade que non viña con unha intención así especialmente agresiva, pero por favor, estamos falando de unha subida de 1,8 e fan vostedes un discurso como si estivésemos ago biando aos cidadáns, os mesmos que calan cando lle soben os impostos directos e indirectos, pagos e repagos, por favor.

Nada máis.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. Fernández.

Sr. Carballo, ten a palabra.

**O Sr. González Carballo:** Vamos a ver a cuestión é que temos un problemilla, non, se resulta que o contrato que se firma coa concesionaria da auga e unha fórmula paramétrica na que se ten en contra non só o IPC senón o salario ou convenio dos propios traballadores e á parte a suba de enerxía eléctrica convirá comigo que sube máis que o IPC e é certo se nós comprobamos os últimos anos, a concesionaria do servizo en función do contrato que ten asinado e segundo informan os servizos do concello pois ten dereito a unha suba superior ao IPC, nós neste caso só subimos o IPC.

Tamén lle podo dicir e ten aí todas as subas e fago un recorrido histórico a medio non un recorrido histórico a longo, un histórico a medio que dende o ano 2007 estiveron practicamente conxeladas a maioría das taxas e se o IPC foi o 15%, aproximadamente, non da chegado ao 5% que é os incrementos das taxas nestes anos; é dicir, que houbo unha baixa real e, en todo caso, vamos a ver o problema que teñen as cidades, ou polo menos o problema que ten Pontevedra e que é unha cidade que medrou e segue medrando, houbo algunhas que non, pero no caso de Pontevedra é así, se nós facemos contas e dende o ano 99, mil vivendas ano aproximadamente, tampouco quero meterme onde non me chaman, pero creo que é mil ou mil e pico, este ano sen ir máis lonxe se deron de alta mil trescentas e pico, coa revisión que estamos a facer do IBI, para o ano que ven temos unha previsión de revisións, etc., de mil e pico, por moito que caira o sector de construción o IBI, é dicir os suxeitos catastrais nos están subindo. Entón, claro, se falamos de 15 mil vivendas máis, se falamos de que o IPC, non sei de canto sería pero que ao mellor é do 50% e, evidentemente, se foron actualizando e ao mellor actualizamos o 40, evidentemente as previsións de ingresos incrementan, pero incrementan por iso non incrementan como froito de tal, senón non entendo como podemos estar, digamos, baixando postos en canto á presión impositiva, é dicir que estiveramos no IBI, por exemplo, hai dous



anos no posto 39 e o ano pasado no 40 e este ano no 42; no IAE que estivéramos no 30, hai dos anos, no 32, no ano pasado, e este ano no 35, pois por algo será, a maioría dos concellos non crea que soben salvo casos puntuais que teñen subas brutais nin moito menos.

Entón, claro, a min o sorprendente de este asunto é que hai uns contratos que hai cumprir, que se actualizan ao menos ao IPC, outros máis e, evidentemente, para ter as contas equilibradas pois resulta que necesitamos actualizalas e á parte con orgullo, sen vergoña, porque non facemos que estamos agachando as uvas e nun momento metemos o sachazo, non, e a xente é consciente e os veciños son conscientes que os servizos teñen o seu custo e teñen que estar equilibrados e iso é o que facemos, sen ir máis lonxe vostede viu que na anterior apertura de establecementos a taxa é terriblemente deficitaria co estudo económico, é dicir, cando temos de gastos máis de 250 mil euros os ingresos non chegan nin á metade, entón é terriblemente deficitaria e, evidentemente, non vamos a poñer unha taxa elevada en apertura de establecementos, xa bastantes problemas teñen cos créditos da banca que para llos faciliten para un por encima nós poñerllo aínda máis difícil. A cuestión é esa e non subas brutais como se están facendo por aí, e que hai un novo estudo económico en entón significa unha suba brutal.

Creo, e nós sempre o defendemos e o levamos defendendo aquí no concello e no goberno e na oposición, que os servizos teñen o seu custe e as taxas hai que incrementalas o IPC, houbo esa fase digamos do inicio da crise que acordamos conxelalas durante varios anos e despois só están actualizadas nese IPC. É máis se falo cos sectores, se falou con AEMPE, se falou con empresas, por exemplo, que fan transportes e etc, se falou coas ONG polo tema de ocupación de vía pública, se falou con empresas que están ubicadas fóra do centro da cidade como pode ser na zona máis periférica do concello, para que o IAE tamén baixara, de feito ve que baixa o IAE na periferia e sube no centro que hai digamos como unha recomposición, e todas esas cousas se van falando, se lle estudou e se veu no expediente que se estudou parte das súas demandas do ano anterior, é dicir que non lle temos medo a nada senón o contrario, é dicir as cousas hai que actualizalas, e que implica iso?, pois sinceramente o que implica é bastante poquito, porque por exemplo o tema do recibo, con independencia do que nos suba Augas de Galicia, polo canon, aí non me meto, se o incrementa de maneira substancial pois haberá que pagalo, pero o que lle significa o do concello inicialmente a un cidadán pode ser o recibo da auga, lixo, sumidoiros, etc., como 40 céntimos ao mes, xa estamos falando dunha cantidade elevadísima.

Eu tamén lle digo, e para concluír, que se vai adiante a suba tremenda de Sogama probablemente en dous o tres meses teramos que volver a traer aquí outra ordenanza de recollida de lixo, porque claro, 600 ou 700 mil euros se que non están contabilizados na taxa actual e entón pode implicar, intentaremos que implique o mínimo posible para os cidadáns, pero entre o 14 e o 20% non nolo vai quitar nin Agustín Hernández, ía dicir outra persoa máis superior.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. Abal ten a palabra.

**O Sr. Abal González:** Si, gracias Sr. Alcalde.

Voy a empezar por Agustín y no sé por dónde empezar, no me ha hablado de ninguna tasa del Concello de Pontevedra, de ninguna tasa, no me ha explicado sus moti-

vos para votar a favor, no me ha motivado ninguna subida, no sé de qué ha hablado, ha hablado de Pasarón, de Pousadas, de Diputación, ha dado aquí un mitin político, se ha dedicado aquí a dar un mitin político, creo que ya está posicionándose moviendo de la silla al Sr. Louro, pero de los impuestos de Pontevedra, no ha dicho nada, me ha dejado anonadado, Sr. Agustín, no sé si se da cuenta en el pleno que estamos y del punto que estamos tratando.

La coherencia, la coherencia de este grupo, toda, aquí solo rendimos cuentas ante los ciudadanos de Pontevedra, ante nadie más, ante los ciudadanos de Pontevedra que son los que nos votan. Le quiero comentar mi caso personal, por ejemplo, mi familia tiene una peluquería, le ha subido el gobierno central, ha pasado de un IVA del 8% al 23%, imagínese si me gusta a mí la subida, imagínese si me gusta, pero aquí hay una cuestión, nos cuentan que España está en quiebra, que se necesitan unos ingresos y que es necesarios subir los impuestos, Sogama nos dice que tiene un déficit tarifario, que tiene un déficit de no sé cuántos millones de euros y que por eso necesita subirlos. Aquí se nos dice y se presume de salud financiera, se presume de salud financiera, y se nos suben los impuestos, esta es la gran incoherencia de este municipio. Fíjese su compañero Abel Caballero que por eso gobierna en Vigo, este año ha congelado impuestos, este año los ha congelado y de todas las grandes ciudades de Galicia, todas las que presumen de salud financiera, todas, han congelado impuestos para este año, menos Pontevedra, Sr. Agustín.

Raimundo, le agradezco que entre en detalle y explique las tasas, por lo menos usted se ha centrado en lo realmente importante que demanda este punto, le quiero recordar que la prórroga sobre el IBI y sobre el incremento del tipo impositivo sobre bienes inmuebles que se ha aprobado para este año, al Ayuntamiento de Pontevedra le supone un ingreso extra de 1.300.000 euros. Teniendo en cuenta que el IBI, aproximadamente, es el 50% de la recaudación vía impuestos es una cantidad importante que todos los concellos que tienen remanente, que tienen solvencia financiera, aprovechan para congelar el resto de tasas, por eso nosotros consideramos que en este momento de crisis, en este golpe tan fuerte a la economía este concello no necesita subir tasas, no las necesita y por eso nuestro voto en contra.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias, Sr. Abal.

Algunha outra intervención?, Sr. González Carballo.

**O Sr. González Carballo:** Dicit, aínda viña o outro día nos medios de comunicación, a cidade de Galicia que menos endebedamento ten é Pontevedra e a que máis baixou o endebedamento, se iso non é saúde financeira que veña Deus e o vexa.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local (coa modificación incluída no ditame da devandita Comisión, no que atinxe á súa entrada en vigor) e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Acordar a aprobación provisional da modificación das:

1. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios.



2. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.
3. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais.
4. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
5. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.
6. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas .
7. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.
8. Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos nos mercados municipais.
9. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros.
10. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.
11. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
12. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
13. Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.
14. Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos especiais ou transporte.
15. Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección.

Segundo.- Expor ao público o devandito acordo de aprobación provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles, prazo durante o que, os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do referido Real decreto legislativo 2/2004, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

Así mesmo, procederáse á publicación dos anuncios de exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, contando o prazo de exposición e de presentación de alegacións desde o día seguinte a cada unha das correspondentes publicacións.

Terceiro.- Considerar definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para isto. Noutro caso, adoptaranse os acordos definitivos que procedan á vista das reclamacións que se presentaran.

Cuarto.- Proceder, unha vez adoptado definitivamente o acordo referido, á súa publicación, así como do texto íntegro da modificación das ordenanzas, no Boletín oficial

da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor o 01.01.2014.

## **5.- ECONOMÍA E FACENDA: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.**

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (co voto en contra do grupo municipal do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 23.10.2013, emitido sobre a proposta da concelleira delegada da área de Promoción Económica, Emprego e Turismo, de data 02.09.2013, relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de factura presentada pola empresa IGE IMAGINACIÓN, SL, por aluguer dun xerador para o programa de dinamización do comercio desenvolvida na praza de España no Nadal 2012-2013.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede a palabra a don Raimundo González Carballo, portavoz do grupo municipal do BNG.

O **Sr. González Carballo**: Moi simple, é unha factura por un xerador das actividades do Nadal de Promoción Económica e nada mais que iso, co cal como xa fixemos en Comisión, votamos a favor.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, ao concelleiro don César Abal González.

O **Sr. Abal González**: Un pequeno inciso son 4800 euros, creo que es. Simplemente justificar, perdón Sr. Alcalde, simplemente justificar nuestro voto en contra, como siempre hacemos con estas facturas, porque no se fiscalizó previamente los actos que generaron este gasto ni se adquirió en su momento el compromiso de gasto en ese ejercicio ni en ejercicios anteriores. Esta factura viene por parte tuya Carlota, siempre le digo a Raimundo que copie de Vd., el período medio pago de días, no copie Vd., los malos modos de gestión de contratación verbal, etc. nada más.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Economía e Facenda, acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura número 57, de data 16.04.2013, por un importe de 4.840,00 €, polo aluguer dun xerador para o programa de dinamización do comercio desenvolvida na praza de España no Nadal 2012-2013 a nome da empresa ICE IMAGINACIÓN, SL.

## **6.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA ORGÁNICA E FUNCIONAL Á XUNTA DE GALICIA DA UNIDADE DE ASISTENCIA Á DROGODEPENDENCIA E DA UNIDADE DE DÍA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.





Incidencias. - Auséntase da sesión a Interventora municipal dona Blanca Vega Lorenzo.

O texto literal da moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego é o seguinte:

“En 1991, asinouse o primeiro convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra a fin de colaborar e tentar paliar unha das lacras sociais que máis devastou aos mozos e mozas deste país: o consumo de drogas.

Este centro naceu ca intención de ser traspasado á Xunta e xestionado nun futuro polo recién creado SERGAS.

Pasaron 23 anos e o Concello de Pontevedra aínda está a espera da transferencia da Unidade de Asistencia á drogodependencia e da Unidade de Día. Xa é tempo de abondo.

Trátase dun centro sanitario, onde profesionais da saúde, como médicos/as, psiquiatras, enfermeiros/as, auxiliares... realizan tarefas de atención sanitaria sobre a poboación. Este é o obxectivo para o que foi deseñado.

O sistema informática depende do SERGAS, as claves dos/as profesionais, os talonarios de receitas e toda a práctica clínica diaria depende deste organismo da Xunta de Galiza. Nin o propio alcalde pode dar a máis mínima instrución xa que, todos os programas están baixo a tutela e supervisión do SERGAS. A concepción deste servizo está tan fóra da Administración local, que obriga a atender aos usuarios e usuarias de trece concellos, así como todos os/as pacientes que derive o Servizo de Saúde Mental do CHOP, de feito, dependen funcionalmente do mesmo.

Non ten sentido algún que a día de hoxe na RPT do Concello figuren médicos. Fíxose un grande esforzo na orixe da creación destes centros pola gravidade do problema social que sufríamos, pero xa toca poñer fin.

Incluso a propia FEGAMP declarou publicamente que se trata dunha competencia impropia.

Ao feito de ter asumido esta competencia impropia súmase que o financiamento é absolutamente deficitario. O servizo ten un custe anual de 600,000 euros, do que 485.000 son só de persoal. A diminución progresiva das achegas da Xunta leváronos a que a día de hoxe, o convenio veña dotado con 376.570,58 euros, é dicir, o 62% do custe total, o que obriga ao Concello a financiar o resto. E isto no mellor dos casos, xa que este ano, por primeira vez, trátase dun convenio de catorce meses e non de doce, como até o de agora. Hai un compromiso da Consellería de non aplicar estes prazos, pero nada garante que así sexa. Por outra banda, hai outras Unidades, que dispoñen de locais do propio SERGAS, como a de Ourense, que está situada no hospital, polo que o agravio comparativo agrándase.

Por todo o exposto acordamos:

Esixirlle ao SERGAS e a Consellaría de Sanidade que asuma a UAD/UD do Concello de Pontevedra non só funcionalmente, senón tamén orgánica e xuridicamente e en dependencias propias, xa que se trata dun centro sanitario totalmente alleo as competencias municipais.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a dona María do Carme Fouces Díaz, en representación do grupo municipal do BNG.

**A Sra. Fouces Díaz:** Bo día, grazas Sr. Alcalde, presentamos hoxe unha moción que creo que deberíamos debater dentro do ámbito do que son as competencias exclusivamente municipais. Nos anos 90 había unha problemática social de dimensións epidémicas, que era a adicción ás drogas e todas as administracións e a cidadanía en xeral, arrimaron o hombro para poder organizarnos en torno a esta problemática social tan grave que tiñamos e poder sacar adiante a Iso que se deu en chamar a xeración perdida, todos aqueles mozos e mozas que foron quedando polo camiño. No 1991 o Concello de Pontevedra e a Consellería de Sanidade asinaron o primeiro convenio que era de sete millóns de pesetas e estaba empezando a crearse o Sergas e a idea era, en principio, a colaboración de todas as administracións para poder solucionar este problema importante que había en aquel tempo e así se fixo. Pasaron 23 anos, evolúu moito o Sergas, evolúu a Consellería de Sanidade, sabemos agora perfectamente como esta todo estruturado e creemos que este tipo de servizos que son exclusivamente sanitarios, que atenden exclusivamente a enfermos crónicos, así están definidos como tal, non poden estar sustentados con fondos municipais. Polo tanto, nos creemos que xa é tempo de que o Sergas, as administracións sanitarias, se fagan cargo desta cuestión. Como digo, son centros sanitarios, son médicos, son enfermeiros, son psiquiatras, psicólogos, auxiliares de enfermería, é dicir, todo o persoal que se precisa para atender a estes enfermos crónicos que ademais dependen funcionalmente, que é o máis difícil de facer, a transferencia funcional esta feita, dependen funcionalmente do que é saúde mental do Chop, da área sanitaria de Pontevedra. Solamente falta a orde política para ter unha transferencia orgánica, é dicir, dende o punto de vista administrativo asumir de tal modo esa xestión, polo tanto estamos a falar de algo que é relativamente fácil, porque como digo, o difícil xa está feito, e creo que xa despois de 23 anos, temos que empezar a pensar que tal como esta o panorama da sanidade que sabemos que xa están perfectamente distribuídas as competencias, xa é tempo para que se asuma. A propia Fegamp manifesta que é unha competencia impropia e na RPT do Concello aparecen médicos, aparecen psicólogos, é dicir, non parece lóxico que na Relación de Postos de Traballo no Concello teñamos ese tipo de profesionais, xa que son profesionais eminentemente sanitarios. Pero a todo isto se suma que o Servizo ten un custe anual en dependencias municipais de 600.000 euros, do que solo 485.000 son de persoal, o resto é diñeiro do que son os residuos orgánicos, seguridade, material funxible, e demais. Polo tanto, a Consellería debería de facerse cargo, a lo menos, do que é o custe deste Servizo, pero a Consellería manda 376.570 euros, é dicir, o 62% do custe total deste Servizo. Y Iso si temos en conta que din, dixéronos a nós, ao Concelleiro de Patrimonio e a min, nunha reunión na Consellería que ía a ser para 12 meses ese diñeiro, pero realmente no convenio ven reflexado que é ata o sete de marzo, é dicir serían catorce meses para esa cantidade de diñeiro; en calquera momento ao remate do exercicio do 2014 non estamos libres de que nos digan que por problemas orzamentarios hai que asumir os catorce meses e nos os doce, polo tanto estaríamos a falar de moito menos diñeiro para convenio. Hai outras unidades de atencións a drogodependencias, como a de Ourense, que está situada no propio hospital polo tanto nós cremos que temos un agravio comparativo importante con outras cidades e ademais non se asume nin os custos nin as competencias que son propias da Consellería de Sanidade.

Para nós todo isto é máis que suficiente pero por si houbera algunha dúbida, por se alguén dubida de apoiar esta moción he de dicir que o 31 de maio de 2011 publicouse no Boletín Oficial de Las Cortes unha ponencia onde foi aprobado por unanimidade de todos os grupos políticos que estaban nese momento e que están en este



momento nas Cortes Xerais, tanto no congreso como no Senado e as conclusións desa ponencia ven dicir que a Comisión cre necesaria a integración orgánica e funcional das adicións como enfermidade crónica e recidivante dentro do sistema nacional de saúde, por ende nos sistemas sanitarios públicos de todas as comunidades autónomas, esta inclusión levará aparellada a integración dos recursos humanos que actualmente abordan as adicións, o sistema nacional de saúde debe asumir a asistencia ás persoas que padezan adicións en termos de igualdade e equidade co resto dos pacientes e, como digo, esta ponencia do 11 de maio de 2011 está na actualidade apoiada polo 100% do arco parlamentario.

Polo tanto, nós pedimos que este pleno acorde que apoie esixirlle ao Sergas e á Consellería de Sanidade que asuma a Unidade de Asistencial de Drogodependentes, Unidade de Día do Concello de Pontevedra, non só funcionalmente senón tamén orgánica e xuridicamente e en dependencias propias xa que se trata de un centro sanitario totalmente alleo ás competencias municipais.

Gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Fouces.

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona Carlota Román García.

**A Sra. Román García:** Gracias, Sr. Alcalde. Bo día a todos e a todas.

Lamentablemente esta cuestión da Unidade Asistencia de Drogodependentes xa é vella e recorrente. É un asunto coñecido por todos, mesmo pola Xunta de Galicia; é un asunto que mire como se mire é unha competencia autonómica. Non fai falla que insistamos en que o Partido Popular ten pouca sensibilidade cos servizos públicos como é a educación, como é o ensino ou a atención social e o AD que xestionamos os grandes concellos galegos son un bo exemplo diso. E como falamos de un asunto vello, a moción que presentan nosos compañeiros do BNG tamén é vella, na medida que o Concello de Pontevedra leva aclamando moitos anos para que a Xunta de Galicia asuma o AD na estrutura do Sergas e libere aos concellos de unha prestación sanitaria que non lles corresponde.

Xa a anterior concelleira de Benestar Social, a compañeira socialista Margarita Castejón, denunciou reiteradamente esta disfunción e incluso a Xunta chegou a ter en conta nos plans galegos sobre drogas, que apuntaba esa integración o Sergas e mesmo falouse de que este servizo fose parte do servizo propio, tivese un servizo propio dentro do hospital de Montecelo.

A atención ás drogas, non o esquezamos, en un asunto que involucra a médicos e mesmamente, e sobre todo, psicólogos, psiquiatras, persoal sanitario, enfermeiros, etc. Dende o ano 2010, como ben di a miña compañeira a Sra. Fouces, vense minorizando as partidas por parte da Xunta de Galicia, esta tendo un custe de 600 mil euros para o Concello de Pontevedra, de algún xeito a Xunta estase a desentender de un problema sanitario de primeira magnitude.

Como ven chovendo sobre mollado non falamos de nada novo senón de una traxectoria continuada dende que o PP chegou ao poder autonómico. Aquí cabe facermos unhas preguntas, que pasaría se os concellos galegos deixaran de prestar este servizo?, quen atendería aos toxicómanos?, de quen sería a responsabilidade na catástrofe social subsecuente?.

A irresponsabilidade é máis que evidente e por iso o grupo municipal socialista

anuncia o seu voto totalmente favorable á moción presentada polos compañeiros do BNG, unha moción que como xa dixen coincide de pleno co que os socialistas vimos demandando de hai moitos anos.

Moitas gracias, Sr. Alcalde

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Carlota.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra dona Ana Isabel Vázquez Reboredo.

**A Sra. Vázquez Reboredo:** Moitas gracias, Sr. Alcalde.

A drogodependencia como ben dicían ao principio era un problema moi grave, en esta cidade en moitas cidades do noso territorio pero segue a ser un gran problema. Esas drogas ilegais cambiaron moito nos últimos anos, fixéronse máis fácil en canto ao seu consumo, fixéronse incluso máis baratas e desgraciadamente aínda hai moitas persoas que recorren a elas e que están baixo os seus efectos, pero tamén hai que recordar que están as drogas legais, que está o alcohol que cada vez empeza a ser un problema máis e máis grave entre a xente máis xove e incluso entre adolescentes, pero dentro do mundo das drogas non é un problema menor, descendeu afortunadamente do que era pero segue sendo un problema moi grave de toda a sociedade, senón poden falar co proxecto home o con moitas outras asociacións que tratan con elo todos os días.

Poderíamos dicir, neste senso, que se querían transferir este servizo á Xunta de Galicia tiveron unha oportunidade de ouro cando gobernaron na Xunta de Galicia durante catro ano porque se supón que sendo do mesmo color político non habería problema para entenderse e facer unha negociación, o incluso poderíamos dicir que este concello, como dicía D. Raimundo, é un concello suficientemente solvente como para facer fronte a este custo, pero nós cremos que non é de recibo coller un problema tan grave como é o da drogodependencia e utilízalo como arma política, non podemos utilizar a esta xente, utilizar ás súas familias, a dor que sufriron, a dor que lamentablemente sofren para utilizar politicamente contra unha administración ou contra un cor político, creo que hai que ter maior altura de miras, creo que hai que pensar no problema social e no tanto no custe porque os cartos, como vostedes ben din, non o son todo, investir en benestar social é investir, precisamente por iso. Temos que axudar a estas persoas e a esas familias porque o necesitan, non as podemos utilizar, non se merecen iso, mérecense que lle presten toda a axuda posible porque o problema segue a ser o suficientemente grave, o suficientemente grave para que non utilicemos ese tema como un arma política, dicía o Sr. Louro noutro tema “non instrumentalicen este tema”, por responsabilidade política, porque é o suficientemente importante e grave.

Eu pídolle agora que non instrumentalicen un tema tan grave e tan importante politicamente, que se hai que sentarse a negociar séntense, e de feito nós queremos poñer unha emenda solicitando á FEGAMP que medie entre os concellos afectados e as administracións competentes para encontrar unha solución ao problema planteado por Pontevedra, hai que crear un diálogo entre todas as partes que permita que estas persoas sigan sendo atendidas e que este problema non vaia a máis e non nos encontremos con un problema moito máis grave do que é. Entre todos temos que arrimar o hombro e acabar coa lacra social que é o tema das drogas, así que pídolle que apoiem esta emenda que arrimen o hombro porque o que nos fai falta, agora mesmo, cun tema tan importante é consenso e sentarse a negociar con todas as partes.



Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Vázquez.

Sra. Fouces, ten a palabra.

**A Sra. Fouces Díaz:** Grazas.

Non sei se debo deducir que van a apoiar a moción ou que non a van a aprobar ou non sei que conclusión sacar. Quixera que me dixera en que momento se dixo que se ía desatender ás persoas que están, neste momento, atendidas na unidade de atencións a drogodependentes, en que momento vostede sacou esa conclusión, a ver se vai a resultar que o que está utilizando vostede é precisamente como ferramenta política o que están aquí dicindo que non debemos de facer, que propoñen?, vostedes que propoñen realmente?, que o Concello de Pontevedra asuma todo sen discusión, sen poñelo enriba da mesa, sen pedir por favor que cada administración que neste momento ten as competencias clarísimas, que despois de todos estes anos que se arrimou o hombro, como vostede ben di, ata que se concluíu como se estrutura o sistema sanitario, ata que se evolúu na medicina e se determinou cos adictos ás drogas son enfermos crónicos, que teñen un problema dual de enfermidade mental, practicamente de todos moi grave e que todos os profesionais e que todos os foros importantes din que necesitan unha atención integral e que unha dobre regra é un grave erro.

Vostede cre que estamos utilizando politicamente isto?, realmente o pensa?, vostede pensa que non se leva feito un traballo de negociación, de fala, de cartas, de entrevistas. Pensa que este é o primeiro paso que se está a dar?, efectivamente se fixo un traballo na lexislatura do goberno bipartito de transferencia e xa se fixo a transferencia funcional, que estaba sen facer e era difícil, evidentemente isto ten uns procesos. Entón, pedimos que continúe esa transferencia e que se finalice a transferencia e creo que o que estamos pedindo é absolutamente asumible por todas as organizacións políticas deste Concello, perfectamente asumible, porque o que estamos dicindo é que non lle podemos meter na man no peto, seguido, aos veciños e veciñas de Pontevedra para solucionar un problema de outras Administracións públicas clarísimo que ata a propia FEGAMP o recoñece e ademais está tan fóra, como dicimos na moción, tan fóra do ámbito local que no propio convenio di que temos que dar atención a trece concellos, está coa concepción do Sergas e coa concepción sanitaria, esa é a concepción de unha unidade como esa.

Se queren presentar a emenda e que medie a FEGAMP non teño ningún problema pero realmente non perdan esta oportunidade, por favor, para demostrarlle á xente de Pontevedra que están a favor de que cada administración, independentemente da cor política que sexa ten que asumir as súas responsabilidades, nós fixémoslo ata a extenuación e estámolo a seguir facendo, non dixemos en ningún momento nada en contra de iso, dixemos que críamos que despois de 23 anos arrimando o hombro, como vostede di, xa é tempo de que cada un tamén colla a súa cuestión, non creo que iso sexa nada ilóxico e non van a ter moitas máis oportunidades durante todo o mandado como para apoiar unha moción onde vostedes demostren que realmente les importa é que o Concello de Pontevedra, asuma as súas responsabilidades.

Grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas.

Ten a palabra a Sra. Carlota Román.

**A Sra. Román García:** Gracias, Sr. Alcalde.

Creo que ninguén está a instrumentalizar nada e menos nun asunto como este e creo que é un argumento demagóxico que esteamos o que está dicir vostede con estar a xogar coas persoas, sobre todo con temas tan delicados como este.

A adscrición é funcional, xa está no Sergas, pero a adscrición orgánica é do Concello, do Concello, que quere dicir iso?, quere dicir que o Concello é quen paga as nóminas, as nóminas do persoal sanitario.

Mire, segundo os datos da última estatística, no servizo só un 52% dos usuarios son veciños de Pontevedra mentres que o resto proceden de outros municipios, destacan un 13% de Marín, un 12% de transeúntes chegados de todos os puntos de España, un 6% de Poio, un 4% de Bueu, outro 4% de Vilaboa, etc., pero é o Concello de Pontevedra quen paga as nóminas de todos ese servizo de persoal sanitario, de médico, director médico, psiquiatra, psicólogo, enfermeiros, etc. A metade das persoas que son tratadas nesta unidade proveñen de fóra do Concello, está claro, polo tanto, que trátase de un Servizo supramunicipal, o que nos fai preguntarnos se o Partido Popular non pensou en transferir esta unidade ás deputacións provinciais, na súa reforma da Administración Local e permítame esta disgresión que utilizo de xeito meramente retórico, porque evidentemente o grupo socialista considera que o Sergas é quen debe asumir a previa xestión e garantir a operatividade de un servizo que é estritamente sanitario pero que estamos a pagar os cidadáns de Pontevedra as nóminas deste servizo sanitario.

Quero rematar a miña intervención non coas miñas palabras senón coas do doutor Carlos Martín Pícola, Director da UAD de Pontevedra, que nunha recente entrevista en La Voz de Galicia a pregunta de un xornalista que lle preguntou: “le parece lóxico, como pide o Concello, que el Sergas asuma el control directo de esta unidad que financian al 50% las arcas municipales”, o doutor Martín responde: “Tenía que haberlo hecho hace muchos años, este servicio le ha salido muy barato a la Consellería de Sanidade, si los centros de asistencia a drogodependientes en vez de depender orgánicamente de los concellos y de las ONG hubieran estado integrados en el servicio de salud, probablemente le costarían el doble o el triple. La percepción que nosotros tenemos es que están dejando morir esta red de centros, si no lo están haciendo deliberadamente, malo, y si lo están haciendo deliberadamente peor”. Se isto o din os profesionais que diariamente dan a batalla contra a droga eu xa non teño máis que dicir.

Moitas gracias, Sr. Alcalde.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, Sra. Román, dona Carlota.

Ten a palabra dona Ana Vázquez.

**Sra. Vázquez Reboredo:** Se sé fai a través de unha moción en vez de sentarse a dialogar, dende logo si ten o aspecto, totalmente, dunha manipulación, de utilizar estas persoas, nós non dubidamos de que o problema é suficientemente importante; sabemos que hai ese convenio dende hai todos eses anos, sabemos que os usuarios dese centro non son só deste concello, son de moitos outros, estas unidades tamén as hai noutros concellos onde os usuarios tampouco son só dese concello senón dos concellos limítrofes, por iso é polo que nós cremos que máis que poñer esa moción de esa forma temos que propoñer unha emenda, a emenda o que pide é diálogo,



diálogo polo problema, diálogo por esas persoas, creo que ninguén dixo de que este servizo estea mal atendido ou vaia a estar mal atendido pero polo ben de todos e polo que poda pasar e como este non é só un problema que afecte ao Concello de Pontevedra, senón que afecta aos limítrofes e a outras unidades que están noutros concellos e nos seus limítrofes, solicitamos a través de esta emenda que a través da FEGAMP se medie entre todos eses concellos para solucionar este tema e con as administracións correspondentes e se intente encontrar unha solución entre todos.

Esa é a nosa proposta, a nosa proposta é unha emenda solicitando ese diálogo que todos teñen que ter, ese diálogo de todas as administracións e de todas as partes, é o único que propomos, nada máis, diálogo, senón se acepta a nosa emenda pois absterémonos nesta votación.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Gracias, Sra. Vázquez.

Sra. Fouces, ten a palabra.

**A Sra. Fouces Díaz:** Para pechar, vamos a ver, o que acaba de dicir é decepcionante e, a verdade, preocupante, hai que entender que cando vostedes presenten unha moción sobre algún tema, están optando polo camiño da manipulación. É dicir, presentar unha moción nun pleno a respecto dunha problemática na que se leva traballando e negociando dende hai moitísimos anos para vostedes é darlle unha lectura de manipulación. Que quere que lle diga?, eu non o vexo así; creo que precisamente un problema como este e nos termos nos que esta redactada esta moción, que non busca o confronto especialmente para que haxa xente incómoda para votar esta moción, que me diga que estamos utilizando.., en fin, despois de todos os anos de traballo e de negociación que hai.

Mire, se queren votar esta moción, voten e senón quere non a voten, están no seu dereito.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Obviamente aquí houbo unhas alusións a FEGAMP, e mentres non se demostre o contrario eu son o representante do Concello de Pontevedra na FEGAMP. Levamos máis de 7 ou 8 anos onde hai un consenso total e absoluto na FEGAMP e todos os alcaldes e alcaldesas de todas as forzas políticas, incluídas as do Partido Popular, teñan demandado, nunha cousa que se chama pacto local, que a Xunta se fixera cargo da educación, por un lado, do tema dos centros de saúde, que hai algúns concellos que están pagando certos servizos que non ten pés nin cabeza e os centros de drogodependencias; iso non hai que dialogar nada porque todos votaron a favor deste tema, e o tema agrávase cando ata o de agora había unha aportación da Xunta para cubrir grande parte dese servizo pero cada vez a aportación é menor, entón cada vez o Concello de Pontevedra ou outros concellos son os que están aportando máis cantidades para facer unha cousa que non é da súa competencia, non podemos actualizar taxas, nós temos que pagar máis IVE, porque temos que facer servizos que non fai nadie, nós temos que atender máis a situación social que estamos sufrindo e punto, e o Partido Popular de Pontevedra, como sempre, non quere votar a favor de que este servizo pase a favor de quen ten que ser que é a Xunta de Galicia, sempre defendendo os intereses do partido que neste momento está gobernando na Xunta.

Esta así de claro, este goberno municipal solicita que a Xunta absorba ese servizo por que da súa competencia e se pode estar a favor ou en contra; dialogamos ata a extenuación xa, pero non o Concello de Pontevedra, todos os concellos, o vostedes

están porque a Xunta cumpra os seus compromisos con esta cidade ou están en contra, pódense abster tamén pero obviamente non hai lugar a ningún tipo de interpretación, o Partido Popular de toda Galicia está a favor ou polo menos todos os alcaldes do Partido Popular están a favor de que se asuman as competencias quen as ten que asumir e logo os demais xa faremos o que teñamos que facer porque o vamos a facer. Polo tanto, nós seguiremos atendendo estas necesidades imperiosas dos cidadáns sexan neste servizo ou sexan noutro, aínda que teñamos que buscar os cartos debaixo das pedras, agora senón actualizamos as taxas malamente os vamos a buscar.

Polo tanto, sométese a votación a proposta do goberno municipal que a Xunta se faga cargo do Servizo de Drogodependencias á maior brevidade posible e para iso pedimos os votos de toda a Corporación, votos en contra, ningún, abstencións, do Partido Popular, e votos a favor do goberno municipal.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita nos seus propios termos.

A continuación o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, **don Jacobo Moreira Ferro**, solicita o uso da palabra, por unha cuestión de orde, para instar do Sr. Alcalde-Presidente que se trate a moción urxente sobre o tráfico na ponte de A Barca, presentada polo seu grupo con anterioridade ao punto 7 da orde do día, para que os comerciantes interesados na moción urxente, que asisten ao pleno, podan atender ás súas obrigas laborais.

Seguidamente, o **Sr. Alcalde-Presidente** accede ao interesado polo portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

### **C) MOCIÓN URXENTES.**

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE Á APERTURA DO ACCESO DE SALIDA DA CIDADE POLA PONTE DE A BARCA.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), considérase aprobada a urxencia da moción.

O texto literal da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular é o seguinte:

#### **Exposición de Motivos**

El pasado martes 22 de octubre el gobierno local de Pontevedra ejecutó para el tráfico rodado un cambio de sentido en diversas calles y prohibió el acceso de salida por el puente de A Barca. Al mismo tiempo, se restringió la circulación por Alfonso XIII, permitiéndola solamente a residentes y acceso a garajes; y las Calles Alameda, General Martitegui, Echegaray, Jofre de Tenorio y A Barca se reservaron solamente para movilidad de residentes y servicios.

Literalmente, los cambios anunciados por el Concello fueron los siguientes:





### "CAMBIOS NA MOBILIDADE

- Alfonso XIII se pecha o tráfico, só se permite o acceso a garaxes e. residentes dende a rúa Echegaray.
- A parada de bus escolar trasládase a rúa da Barca.
- A parada de bus da rúa Echegaray trasládase cara a avenida das Corbaceiras.
- A parada de bus turístico da rúa Alameda anúlase. Quedan só habilitadas as dúas da rúa San Roque.
- As rúas Alameda, Xeneral Martitegui, Echegarai, Xofre de Tenorio e A Barca resérvanse para mobilidade de residentes e servizos."

Inicialmente la excusa esgrimida por el Concello fue que era una medida debida a la ejecución de las obras de Acuaes en el vecino Concello de Polo, si bien enseguida se descubrió el embuste, pues las obras de ningún modo impiden ni dificultan el uso del puente de A Barca en sus dos sentidos, y ni estaba previsto que le pudiesen afectar. De hecho, la autorización que solicitó Acuaes para las obras en ningún caso afectaba al puente de A Barca.

Véase cómo decía el aviso inicial del Concello dice así:

"A obras que a empresa pública Acuaes iniciará o vindeiro martes, 22 de outubro, entre a rotonda da Ponte da Barca e o Pazo Ferreirós, no lindante concello de Poio, obriga á Policía Local de Pontevedra a elaborar un dispositivo especial de tráfico para evitar que estas obras, que teñen unha duración prevista duns dous meses, repercutan o menos posible na mobilidade da capital".

La catadura moral del Alcalde, que es el responsable de la decisión, le lleva a descargar la culpa de estos cambios en los funcionarios de la Policía Local, exponiéndolos ante la opinión pública por una decisión de la que ellos son víctimas y no responsables. Es una forma de actuar que dice muy poco en favor del Alcalde.

Estas medidas incluso han llegado a originar un conflicto institucional totalmente innecesario con la Xunta de Galicia, titular del Puente de A Barca, pues ésta en ningún momento autorizó el corte del puente por parte del Concello.

Las consecuencias de estas medidas de tráfico adoptadas por el Concello de Pontevedra son atascos de vehículos tanto en las calles General Martitegui, A Barca, Orillamar y Domingo Fontán, especialmente intensos en las horas punta de primera hora de la mañana, dos de la tarde y ocho de la tarde en adelante.

A parte de las molestias que estas medidas generan a los ciudadanos, y a pesar de que no ha transcurrido ni una semana desde que se produjo el corte del puente, estos cambios están perjudicando a los establecimientos comerciales de la Calle Echegaray y Alfonso XIII, que están notando el descenso brutal en la afluencia de clientes y en las ventas, de modo que la Calle Echegaray, que solía estar llena de movimiento, se ha convertido en pocos días en una calle prácticamente muerta.

Dado que el corte de A Barca ni se debe a las obras de Acuaes, ni fue autorizado por la Xunta de Galicia, es obvio que se debe única y exclusivamente a la voluntad del gobierno del Alcalde Lores. Por ello, todas las consecuencias que tal modificación trae consigo son responsabilidad única y exclusiva del gobierno de Pontevedra.

La indolencia del Alcalde ante todo lo relatado lleva a este Grupo Municipal a solicitar del gobierno local la apertura inmediata del acceso de salida hacia el Puente de A Barca, pues eso es lo que han solicitado los vecinos y comerciantes y resulta ser lo más razonable ante el cariz que están tomando las cosas.

Por ello, el Grupo Municipal del PP presenta, para su debate y aprobación por el Pleno, la siguiente

## PROPUESTA DE ACUERDO:

"Instar al Alcalde a que de forma inmediata dicte las instrucciones oportunas para permitir el acceso de salida desde la calle Echegaray hacia el Puente de A Barca, retirando sin más dilación las vallas y señales que lo impiden."

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, a don Ricardo Aguilar Argenti.

O **Sr. Aguilar Argenti**: Buenos días, señor Alcalde.

El grupo municipal del Partido Popular ha presentado esta moción que consideramos urgente motivado por el corte de tráfico que se ha realizado en un carril del Puente de la Barca. Entendemos que, sin que nadie lo exigiese y echándole las culpas a la policía local, el Alcalde de Pontevedra tomó el pasado día 22 la decisión personal de cerrar al tráfico el carril de salida de nuestra ciudad por el Puente de la Barca cuya titularidad, además, pertenece a otra administración, así como modificar el tráfico en las calles próximas y trasladar tres paradas de autobuses a otras zonas.

Consideramos que es impresentable regir de tal manera que se siguen criterios de ordeno y mando, pero también es peor echar la culpa a unas obras que se van a cometer en el ayuntamiento vecino de Poio que non impiden el paso de los vehículos por el puente en las dos direcciones y, sobre todo, culpar de alguna manera a las exigencias de la policía local. La justificación que dio usted, señor Alcalde, para esta actuación ha quedado totalmente en entredicho pues con prontitud se conoció que esta solución no estaba motivada por las obras que se estaban realizando por Acuaes en el vecino municipio, ni tampoco la policía municipal le había solicitado el cierre de un carril en el Puente de la Barca, ni tampoco disponía de la autorización del titular del mismo.

Por otro lado, estas modificaciones circulatorias no están avaladas por ningún estudio técnico, no han sido consensuadas con los vecinos ni han medido las afecciones que ello supone. Es más, por no tener apoyos ni con el grupo socialista, que le mantiene a usted como Alcalde, se buscó un acuerdo. Nada más que hay que ver las declaraciones que ha realizado el portavoz socialista en las que dice que la solución tenía que haberse resuelto previo un estudio técnico, es decir, que ni con ellos hablaron. Por lo tanto la responsabilidad se circunscribe exclusivamente en BNG y en el señor Alcalde. La razón inicialmente oculta, según declaraciones posteriores de un miembro del grupo del BNG, es hacer una prueba durante dos meses para ver cómo se resuelve por si solo el tráfico con la decisión tomada, es decir, una vez descubierta la inexistencia de razones objetivas se conoce que se ha decidido utilizar a los conductores pontevedreses y de los aledaños como cobayas de su prueba de tráfico. Pero si esta decisión de cambio de circulación supone para los vehículos incrementar el recorrido de salida de la ciudad en 1,44 kilómetros, con un incremento económico, si uno va en un taxi, de 2 euros y de 19 euros al mes para aquellos que circulen, por razones profesionales, todos los días, no es menos importante los daños colaterales que han producido ustedes en las calles Echegaray, Alameda, Alfonso XIII, General Martitegui, A Barca y Jofre de Tenorio, y se los han producido a: los comerciantes de la zona que están desesperados por la bajada en ventas que esta decisión ha producido; a los vecinos que se sienten inseguros en las horas nocturnas al no circular prácticamente ningún vehículo; a los usuarios de autobuses que están molestos por el cambio de las paradas; a los taxistas que se sienten afectados por el incremento del recorrido y, por lo tanto, por el coste que tienen que aplicar a sus clientes, esto les ha llevado a la bajada de usuarios; a los trabajadores que están



afectados por un incremento del 100% del tiempo de paso desde la ciudad hasta la rotonda de la Barca, y ese tiempo para muchos tiene un valor importante, sobre todo para los que tienen trabajos liberales; los pontevedreses también están sorprendidos porque esta decisión se considera absurda, la de anular el servicio rodado de seis importante calles que no conduce a nada favorable. Pero las afecciones no acaban aquí: el nudo de bomberos, la calle Domingo Fontán y Orillamar están soportando una densidad de tráfico que sobrepasa su capacidad y además lo apartan del río, es decir, eso que siempre se ha buscado de que la ciudad hay que aproximarla al río lo han resuelto muy bien metiendo una densidad de tráfico que lo que hace es separarla. También están molestos los vecinos de la Avenida de Uruguay y se sienten afectados por el incremento de ruidos que el paso de tantos vehículos produce y, en fin, para que seguir si los problemas que ha dado están a la vista y los estamos padeciendo todos.

Por ello, el Partido Popular, esperando el apoyo del grupo socialista, realiza la siguiente propuesta de acuerdo: “que el Alcalde de forma inmediata de las instrucciones oportunas para permitir el acceso de salida desde la calle Echegaray hasta el Puente de la Barca retirando sin más dilación las vallas y señales que lo impiden”.

Muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Aguilar.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, intervén don Agustín Fernández González.

**O Sr. Fernández González:** Gracias, señor Alcalde.

Eu para comezar, e xa que antes o señor Moreira fixo referencia ás actas da Xunta de Portavoces e o que se incluía e non se incluía nelas, vexo que na acta do día 23 o señor Moreira comunica a presentación polo seu grupo da moción relativa aos fornos crematorios e quizás unha interpelación a un membro do goberno, ou sexa que o mércores ao Partido Popular o tema da Ponte de A Barca non lle parecía urxente, tampouco o xoves nin o venres e esperou ata hoxe as nove da mañá, polo menos no que lle consta ao Partido Socialista, para presentar a moción. Simplemente fago unha referencia a isto para matizar a urxencia que teñen vostedes.

A nós parécenos que esta é unha cuestión que, precisamente por iso e por outras cousas, impregnada dunhas altas doses de demagogia e de oportunismo e non me vou a referir ao que xa dixen aquí e noutros puntos anteriores pero hai unha certa falta de norte político cando se presentan as mocións, señor Moreira. Aquí do que se trata, supoño eu, máis que de falar é de actuar con sensatez, por parte duns e doutros, afastándonos destes oportunismos porque a mellor solución sempre está no punto intermedio.

Vemos que hai unha reorganización do tráfico o día 22 de outubro, se pon en marcha unha reorganización nas rúas próximas á Ponte de A Barca, eu evidentemente non vou falar de improvisación porque entendo que a situación está estudada, aínda que, unha vez que se empeza a funcionar, cabe a posibilidade de que haxa cambios pero eu non vou falar de improvisación, do que si vou a falar é de diálogo, de diálogo institucional, evidentemente, porque nós somos partidarios diso e estamos preocupados por esa repercusión que pode ter esa reorganización nos veciños e comerciantes, como imaxino que estaremos todos, por iso hai un diálogo que ten que ir máis alá do institucional e falar tamén cos veciños e cos comerciantes.

Outra cousa que me desgusta e así o quero manifestar algunhas das consideracións que se fan no corpo da moción, por exemplo a min desgústame moito que nun escrito se fale da catadura moral do Alcalde, a min desgústame profundamente ese tipo de termos porque me parecen profundamente desacertados, ademais que quere que lle diga, o Partido Popular non está precisamente en condicións de facer reproches sobre cataduras morais, dos dirixentes ou dos seus rivais políticos, polo tanto desgústame profundamente ese termo.

Eu insisto que creo na colaboración e na colaboración institucional cos veciños e cos comerciantes para solucionar eses problemas, polo tanto ese debe de ser o camiño, pero o camiño non pode ser nunca o oportunismo e a dobre personalidade, é dicir, dependendo de onde sobre o vento presentamos unha moción, quedamos ben cun grupo de veciños ou no quedamos ben con nadie.

Nós insistimos en que fai falta dialogar pero fai falta dialogar con sentidiño. Antes se dicía a instrumentalización das mocións, tomen vostedes nota de cómo se pode instrumentalizar ou de cómo vostedes están instrumentalizando un tema que debe ser tratado con máis seriedade e con máis rigor.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Fernández.

A continuación, fai uso da palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do BNG.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Grazas, señor Alcalde.

Como di outro: “aquí nos queríamos ver”. Vou empezar por alguén que supoño que o escribiría el, o señor Ricardo Aguilar, que fala de embustes do señor Alcalde, da catadura moral, etc., supoño que o escribiría el, non sei si o escribiu ou non. Mire, normalmente teño bastante boa memoria e saíndo dunha comisión de infraestruturas vostede díxome, aínda non se levantara, díxome que a ver que faciamos coa ponte de A Barca que contara coa súa colaboración para reordenar o tráfico aí, xa vexo cal é a colaboración, xa a vexo claramente. Non quero ir ao fondo da cuestión senón ás formas, é que os feitos están aí, están publicados e é que ni tan sequera ven as fotos da prensa, nin tan sequera miran as fotos. O mércores, creo que 17, o Alcalde de Poio chama as tres da tarde dicindo que a empresa Acuaes, e tamén xa falaran coa garda civil de tráfico ou a que sexa, que quería o luns cortar alá. O xoves tivemos unha reunión no Concello de Pontevedra, supoño que vostede vería as fotos, na que estaba o responsable de mobilidade da Policía Local, ese señor que é capaz de montar un operativo para o triatlón e para a volta ciclista, que non hai ningún problema, que dudo que haxa ninguén que teña a capacidade de facelo como a ten el, seguimos as súas instrucións e as súas opinións, estaba o xefe de turno, o intendente principal estaba de volta de Sevilla, evidentemente falose con el e co Alcalde pero estaba o de mobilidade, o que se encarga destas cousas e deu opinión verbal porque non había tempo para outra cousa. Podemos ter un problema, obviamente este goberno local non aceptaría de mércores para luns meter o corte, asegúrollo, estariamos falando de quince días, tres semanas, ou senón a empresa que se acordara antes ou que se acordara antes quen o tiña que autorizar. Nese momento o que estivemos discutindo era exactamente que consecuencias podía ter o corte na rúa de A Barca de Poio, e había dúas posibilidades, que nos dicía o noso responsable de mobilidade, unha era que como na Caeira, que ían subir autobuses e demáis, se montara un lío rebotaba e nos paraba toda a cidade, outra era o que se fixo, entón había dúas posibilidades, unha probar a montar un lío morrocotudo e despois actuar, co que vostedes entrarían en cólera e, agora insultan por isto, insultarían polo contrario,



e a outra actuar con responsabilidade e segundo os criterios que nos pasaban os responsables de mobilidade do Concello de Pontevedra. Esa foi a decisión que se adoptou, moi ben, curiosamente o martes funcionou moi ben, o mércores funcionou moi ben e vostedes estiveron calados, houbo unha Xunta de Portavoces e vostedes poden dicir que queren tratar este tema, que postura teñen vostedes?, se vai ben ben e senón non, tomar decisións ou responsabilizarse ou ter algún proxecto nada de nada, non se sabe se o vento, para vostedes, vai para arriba ou para abaixo, según toque. O venres foi un día moi cargado de tráfico en Pontevedra, houbo problemas, por exemplo na Avenida de Vigo, pero non lles preocupa, claro, o único que lles preocupa é criticar a decisión do goberno local, claro que houbo problemas en Domingo Fontán e noutros lados, claro que os houbo, o venres, pero tamén os houbo na Avenida de Vigo ou en Fernández Ladreda, pero eses xa están desquitados, houbo na ponte dos Tirantes, houbo accidentes, houbo de todo, foi un día moi complicado, entón en canto ven que hai un día saen e ras! despregan e saen, esa é a seriedade e o posicionamento que teñen vostedes.

A argumentación que acaba de dar é absolutamente completa, ou sexa, uns comerciantes de Jofre de Tenorio están prexudicados porque lles sube o tráfico e outros están prexudicados porque lles baixou, en qué quedamos, beneficia que haxa moito tráfico ou prexudica, a ver en que quedamos, porque senón os da rúa da Barca, Jofre de Tenorio e Martitegui tiñan que estar encantados, porque lles aumentou o tráfico en grandes cantidades, que haberá que esperar a que se reequilibre, estas cousas, normalmente levan tres semanas, catro, cinco ou seis, saber como vai o comportamento. Porque resulta que agora mesmo, por exemplo, todo o que está saíndo da Praza de España ou da Alameda, en vez de coller e ir por Echegaray e Colón, que hai moi pouco tráfico, pois se mete na Barca todo, pois se reequilibrará, adoptáranse medidas complementarias, ou é que cree que, por exemplo o de Alfonso XIII é un capricho?, o de Alfonso XIII foi unha opinión expresa, dun señor que hoxe non está aquí pero se queren o levo a comisión e que llo explique, expresa de que ese circuíto a Colón que está sendo bastante utilizado podía parar Pontevedra no conflito da glorieta de San Roque, foi unha opinión expresa del, non o inventamos. As medidas que se adoptaron do xoves para o luns, con todo o que hai que facer, buscar sinalización, etc., non había outra maneira, amenos que algo que nós non tiñamos capacidade que era demorar a obra e frear o corte, por iso se fixo.

Outra cousa é o fondo, e o fondo da cuestión vostedes xa o coñecen pero non está en discusión agora, vostedes xa o coñecen perfectamente, cando se presentou o plan de tráfico o certo é que estamos entre Pontevedra e Poio, sepáremo das medidas que se adoptaron agora, entre Pontevedra e Poio só hai unha conexión peonil bastante deficiente que é a Ponte de A Barca, dende a Caeira ao Burgo non se pode ir sen xogarse o tipo, un exemplo, a xente que quere ir da Caira ao Fútbol ten que xogarse o tipo meténdose por un arcén que lle poden pisar a perna con toda facilidade. Curiosamente o señor Louzán nos pediu apoio e colaboración expresa para facer unha solución a iso, a vostede non lle preocupa, evidentemente, vostede andan a outra cousa. Foi así e Ana Isabel sábeo perfectamente.

O fondo da cuestión acometerase cando se acometa, estivo a punto de acometerse hai tempo e de feito foise falar alí cos comerciantes, houbo unha reunión nas Doroteas no seu momento, cando se abriu a Ponte das Correntes para falar diso, por certo sen grandes opinións en contra, certas reticencias, división de opinións e demais. Agora, se a nós os responsables de mobilidade da Policía Local, que teñen feito un traballo espléndido e o teñen demostrado, nos din que ese é o operativo máis correcto pois nós facémolo e punto, que hai que reaxustalo pois haberá que reaxustalo pe-

ro deixemos pasar o tempo e posiblemente todas estas desgrazas que son combinadas, unha rúa porque ten demasiado pouco tráfico e a outra porque ten demasiado moito, en fin, se é bo ter moito tráfico non pode ser malo ter moito tráfico porque sexa unha rúa distinta. Adoptámolo con toda a responsabilidade e sendo moi conscientes do que facíamos, dende logo, facer un experimento e que toda Pontevedra se nos colapsara non. Podo dicir algunhas cousas menores se quere, vostede sabe que nin a COTOP nin o Concello de Poio tan sequera se plantexaron por onde saían os autobuses que van ao Grove?, nin so plantexaran, a COTOP autorizou sen máis e a catro días, poderíamos ter un guirigai montado dos morrocotudos, tomáronse decisións, xa sabemos que foi rápida, que pode necesitar axustes e demais, tomamos decisións con todos os elementos que tiñamos enriba da mesa e con toda a seriedade, o outro que está plantexado está plantexado hai moito tempo, non hai ningún experimento e se vostede ve o estudo de mobilidade o que está pasando é exactamente o que prevía alí, en bombeiros vai haber moi pouco problema, vaise a cargar Domingo Fontán e pódese cargar as Correntes, exactamente o que estaba alí.

Repito, démoslle o tempo suficiente para que se produzan os reaxustes, de feito xa os houbo, do martes para o mércores e para os venres uns reaxustes tremendos ao ver que o martes, por exemplo había lío en Concepción Arenal ou na Barca o mércores e o xoves baixou, démoslle tempo para que se reequilibre, démoslle tempo e non a primeira que o que demostra é sangue no ollo, é dicir, estou aquí e non digo nada mentres funciona ben e un día que, repito, foi en toda Pontevedra non foi só nesa zona, un día que hai unha sobrecarga de tráfico xa saltan vostedes, embustes e non sei que, mellor non reproducilo, supoño que estarán avergonzados do que teñen escrito porque un pode ter esa visceralidade pero poñela por escrito queda mal, queda moi mal e demostra o que hai.

Repito, quen xestionou isto coa autorización e coñecemento do señor Alcalde, que por un lado din que toma medidas as espaldas e despois din que é indolencia, non casa unha cousa con outra, pero bueno, é que a moción é impresentable por todos os medios.

Unha referencia á crise económica e con isto remato, a crise económica castiga duramente en todos os sitios pero a argumentación que se usa xa a temos escoitado miles de veces nesta cidade; lémbrome cando peatonalizamos Daniel de la Sota que había alguén, que non vou repetir o nome, protestando enerxicamente porque non lle pasaban os coches por diante, que se sepa en Echegaray ou se defende o a dobre fila ou da igual que pasen ou non pasen por diante, pero bueno, resulta que ese señor ao cabo de seis meses tiña que renovar e resulta que quedou no mesmo sitio pagando bastante máis porque a zona mellorara. Iso de que o tráfico mellora, iso a certo tipo de negocios non, dende logo, comerciais e non, dende logo, de certo tipo de comercio. A estas queixas estamos afeitos e só o tempo, só o tempo, as pon no seu sitio. Que Echegaray, por exemplo, era unha rúa que estaba, non agora e non por isto, que estaba comercialmente bastante frouxa hai tempo que o sabemos, os dous baixos das esquinas do final están baleiros hai tempo, pero probablemente estea moi frouxa comercialmente pola crise e estea moi frouxa comercialmente porque a conexión peonil con Poio, onde hai 10.000 habitantes que poderían vir perfectamente e circular por aí pois é, francamente espantosa, probablemente sexa esa máis razón de fondo que outras que se están aducindo agora e que só teñen o efecto dunha semana, comercialmente Echegaray hai moito tempo que está moi frouxiña, moito tempo, non é de hoxe, nin de onte, nin de hai tres días, nin de hai tres semanas, nin de hai cinco ou sete semanas, que a cidade coñecémola, caramba, e como funciona cada zona coñecémolo. Non inventemos nin esaxeremos efectos porque os feitos foron como foron e están documentados publicamente, reunión o xoves coa



Policía Local e con Poio para montar o operativo, e agora din que foi imposta a Policía Local, que dea a cara, que non sei que, é que é algo inaudito, despois moléstanse cando lle dicimos que vostedes teñen sangue no ollo, que se puideran volvíaa atrás o modelo de cidade patas para arriba inmediatamente, despois moléstanse e cando teñen a máis mínima ocasión aí van como miuras bravos. Tranquilos, vamos a ver como funciona, vamos a facer os reaxustes que fagan falta, de feito están traballando niso, se está facendo un seguimento diario para ver que reaxustes poden facer falta. Vostedes están propoñendo que o que nos di o noso departamento de mobilidade que, repito, é exemplar porque cando a volta ciclista tivo oito horas cortada a cidade xestionou impecablemente o tráfico, ou co triatlón, e que nos non lle fagamos caso e xoguemos ao experimento de abrir a Barca, se monta un atasco na subida da Caeira e de repente se nos para a cidade, porque un día houbo unha sobrecarga seria, moi seria, nas cabezas da Ponte das Correntes que rebotou na Barca. Vostede pretende que fagamos unha gamberrada dese tipo, non, de verdade que non, baixo a nosa responsabilidade iso non o faremos.

Outra cousa é o futuro e o que se vai a facer, evidentemente xa nos gustaría poder dicir que en Echegaray podíamos facer unha reforma urbana de verdade, que houbera medios para iso, que a necesita a gritos, a necesita, xa nos gustaría, iso é outra cousa, pero non estamos discutindo diso agora e probablemente, no seu momento, haberá que plantexalo, se non é dunha maneira máis ampla será dunha maneira máis reducida pero probablemente haxa que facelo porque, a verdade, esa zona está moi cargada de residencias, ten os problemas da circulación peonil cara Poio e ten, a propia rúa, certos problemas de deseño que antes non se notaban demasiado porque as rúas dos lados eran peores pero que agora se notan porque foi a que quedou peor, é verdade, probablemente aí teñamos a orixe, a explicación da orixe da crise comercial de Echegaray, probablemente aí a teñamos, intentarase acometer en canto se poida, agora, un operativo de tráfico como ese, que nos obrigan a facelo por imposicións, xa digo, que se chega a depender do Concello a obra non se permitía facer en catro días, precisamente para que houbera tempo para ir asimilado e manter o operativo, que ía ser practicamente o mesmo pero bueno, máis afinado, máis coñecido e máis divulgado. Saír agora con isto non é de recibo, non é serio, vostedes saltaron porque houbo o lío o venres, se non chega a haber lío tampouco saltaban, que queren que lle diga, prefiro que haxa un problema aí que noutras rúas e que colapse toda a cidade, prefiro que non o haxa en ningún lado, obviamente, pero prefiro que o haxa aí, é un problema de dimensión, afecta a moita menos xente, afecta só aos automobilistas, de outra maneira afecta a moitísima máis xente.

Esa é a situación, polo tanto tranquilidade, agardemos que dentro de 15 días poidamos facer unha avaliación moito máis rigurosa da que hai e non hai ningún problema, si resulta que nos enganamos todos pois volveremos atrás e corrixiremos, non se preocupe, agora, teño certas dúbidas. Que necesita reaxustes?, pode ser, fáganse, fanse se é necesario, non se preocupe que o temos feito moitas veces e non sería a última.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, señor Mosquera.

Señor Aguilar, ten a palabra.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas grazas, señor Alcalde.

Señor Fernández, yo creo que las preguntas que usted me dirixía a mí se ha equivo-



cado de interlocutor, usted habla de sensatez, oportunismo, diálogo, seriedad, rigor, dígaselo al señor Mosquera. Lo primero que ustedes no sabían lo del puente hasta que se enteraron por la prensa, ahí es donde está la sensatez, un grupo político trabaja con otro y formando un gobierno; el oportunismo el de ellos; el diálogo pues ha faltado, con usted no habló; y seriedad y rigor pues ahora hablaremos el señor Mosquera y yo. Por lo tanto, yo creo que usted se ha dirigido equivocadamente, me ha visto a mí pero se dirigía al señor Mosquera.

Con respecto a lo que dice usted, señor Mosquera, a nosotros lo que nos preocupa es como hicieron ustedes las cosas. Aquí no había ninguna razón objetiva para tenerlo que hacer, es decir, el nudo de A Barca no está cortado, ni va a estarlo, pero todavía no está cortado. Si usted ha pasado por Poio habrá observado que las obras que se están ejecutando en la avenida Andurique y que no llegar hasta la calle Antelo y Mariño, que es la bajada que va hacia el mar, por lo tanto, lo que es la rotonda está limpia, esa urgencia que usted dice no era necesaria.

Usted se apoya, como no, en que hay un estudio de movilidad, al plan Petra, supongo que se refiere, porque no hay otro. Ahí hay cuatro soluciones, el propio equipo de Petra no supo dar soluciones al asunto por eso puso cuatro. ¿Quién adoptó tomar esta? No sé si usted, el Alcalde, la mezcla, no lo sé; la decisión ha sido de ustedes. ¿Por qué tuvieron que hacerlo con esta urgencia?, por ninguna razón, lo hicieron porque sí. ¿Qué buscaban?, eso lo sabe usted mejor que yo, pero nosotros sentimos que usted lo que buscaba era una prueba, usarnos de conejillos de indias para ver que tal funcionaba lo que ustedes están pensando desde hace mucho tiempo, que es peatonalizar prácticamente toda la zona de la calle Echegaray, A Barca, Jofre de Tenorio, Alfonso XIII, Martitegui, Alameda y ya se llevan por medio la Rúa Nueva de arriba y la de abajo, que ya están dentro y como ustedes quieren llegar a eso porque ya se les acabó la peatonalización y ustedes están llevando premios constantemente por peatonalizar pues necesitan seguir, porque si no ¿qué más premios le van a dar?, los que ya tienen ¿se los van a repetir?, no, tienen que seguir haciendo zonas peatonales, pero se ha olvidado de que ahí hay gente que vive, hay gente que tiene comercios y hay personas que tienen allí sus viviendas, y de esas personas se ha olvidado y se han olvidado también del recorrido extra que es obligatorio hacer para poder llegar al nudo de A Barca, todos aquellos que vienen por Reina Victoria, que es el camino habitual, Reina Victoria, Alameda, Echegaray, puente y salir, ese camino que son setecientos y algo metros se ha convertido en dos kilómetros y algo, con lo cual la diferencia es de 1,44 kilómetros, eso no es su problema es problema de los pontevedreses que den una vuelta y que paseen y si no le funciona bien lo que ustedes están probando lo quitan. Qué están haciendo, probándonos con nuestro esfuerzo, nuestro trabajo y nuestro tiempo para ver si lo que ustedes quieren hacer funciona, y si no funciona no lo hacen, es una manera muy cómoda de hacerlo cuando hay equipos técnicos que son capaces de resolver estos asuntos y lo resuelven en papel, no hace falta que nos pongan a nosotros a circular.

Por otro lado, ha jugado también con el argumento de poder pasar los peatones por el puente, yo supongo que usted se ha dado cuenta de que ese puente tiene dos aceras y supongo, porque ustedes lo han hecho en el Puente de los Tirantes, ampliaron un lado y redujeron el otro, en este caso lo mantuvieron, en el Puente de los Tirantes, pero aquí es muy fácil, pasarelas no se pueden hacer porque no podemos ampliar el puente aunque sea para cargas peatonales, que son mínimas y el puente las puede soportar, porque ustedes dieron dos licencias en la boca de entrada del puente, ustedes, que han reducido y ensanchado las posibilidades de ampliación para siempre, por lo tanto, ampliar el puente con pasarelas se lo han cargado ustedes; ahora bien, ustedes que son personas razonables dicen, yo tengo un problema





de peatones, voy a coger y de las dos aceras deixo una, porque esto no es una calle, en las calles hay que tener acera derecha e izquierda y en un puente no, no tengo que dar servicio intermedio solo tengo que darlo en el inicio y en el final, yo supongo que usted ha ido a medir las aceras actuales, 1,20, no consigue usted una acera de 2,40 en uno de los lados, ¿no es suficiente para pasar?, lo que tiene es que tener cuidado de que esos ciclistas a los que ustedes dejan andar por las aceras no circulen por ahí, porque ustedes dejan andar a los ciclistas por las aceras, por donde están los niños, personas mayores y personas que han recibido máis de un golpe y de dos y que no salen en la prensa porque los danos son menores, tendrían que evitar que los ciclistas fueran por esa acera, pero ese problema peatonal tampoco existe, salvo que no se quiera resolver y se quiera justificar quitando un carril. El fondo cuál es, el fondo es vamos a darle movemento a ese puente que no va a ningún lado, ese puente que no tiene continuidade y que, por lo tanto, está medio olvidado, vamos a cargarlo y quizás hasta puede ser la oportunidade para que hagan ustedes una medición de número de vehículos que pasan, y vamos a eliminar el camino natural, el que, hace ya muchos años, nuestros antepasados decidieron poner como unión natural entre los núcleos de Poio y de Pontevedra, ese vamos a eliminar la salida y vamos a deixar sólo la entrada.

Por lo tanto, argumentos ninguno, oportunidades todas, sensatez se desconoce y han decidido usar ustedes argumentos que no son reales. Por todo ello, insistimos, señores del PSOE a ustedes les han confundido, si quieren seguir votándoles vótenles, faltaría máis, pero ustedes que creo que tienen también sensatez y sensibilidad les digo que estos señores se han equivocado de pleno y se han olvidado, como siempre, de ustedes; si quieren seguir apoyándoles apóyenles y si no apóyenlos a nosotros, que entiendo que somos los que tenemos la razón.

Muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Aguilar.

Señor Fernández, ten a palabra.

**O Sr. Fernández González:** Moi brevemente, señor Alcalde.

O problema non é falar moito, o problema é ter cousas que dicir e penso que xa todo estaba dito na primeira intervención pero, en todo caso, señor Aguilar, con todos os meus respectos, vostede confunde os seus desexos coa realidade. Fala vostede de incoherencia, falta de seriedade, falta de cohesión interna, mire vostede, este goberno está moito máis cohesionado que o seu grupo do Partido Popular y a las pruebas me remito, no veña aquí a falar de falta de cohesión porque algunha fuga xa tiveron vostedes e algún votiño en contra de si mesmos tamén tiveron, entón, no creo que estean vostedes moi lexitimados, polo menos moralmente, para facer ese tipo de valoracións.

Vostede na súa segunda intervención non aporta nada novo ao que se dixo e como non aporta nada novo pois eu me remito á miña primeira intervención.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Fernández.

Señor Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Moi brevemente, porque o asunto non da para máis.

Obviamente é unha empitonada de quentura de coco do venres que non é do xoves,

nin do mércores, nin do martes, é do venres, porque houbo eses problemas. Francamente, creo que os cidadáns de Pontevedra terían que tremar se é que vostedes tiveran que tomar as decisións, sinto telo que dicir así porque segundo o día vai para un lado ou para outro. Mire, experimento ningún, ningún, cómo funciona iso coa saída ou coa entrada moi restrinxida ou cortada sábese de sobra, sábese de sobra, hai festas, hai triatlóns, hai tropecentos eventos.

Volvo a dicir e repetir o mesmo que veño reiterando estes días: vímonos abocados a montar un operativo por un corte nas condicións máis adversas posibles, poucos días, días de temporal, aínda que afortunadamente despois non foi tanto o temporal, pero a advertencia si, polo tanto todo o mundo se resiste a non usar o coche por se veñen chuvias fortísimas, ou sexa, unhas condicións terriblemente adversas, e quitando algún momento do venres, non funcionou o conxunto da cidade peor do que funciona habitualmente, máis ben mellor. O venres foi un día atípico que montou un lío grande que coñecemos. Ante unha situación deste tipo non sei como reaccionaría vostedes, quedándose quietos, a ver que pasa, que corten a ver si se monta e despois que pase. Mire, hai que tomar decisións e as veces non é nin o momento nin a forma que nos gustaría pero veñen impostas porque o corte en Poio íase facer o luns, logramos aprazalo ao martes para gañar un día nunhas condicións tremendamente adversas.

Vamos a seguir o asunto, vámolos a seguir cunha atención especial, se hai que facer algún reaxuste farase e deixen pasar un tempo, os cambios de tráfico levan sempre un tempo, de feito, mañá cúmprese unha semana e foi moi irregular, houbo días que funcionou moi mellor e outros que menos, vamos a ver, deixen pasar un tempo, porque isto da apocalipse xa o levamos escoitados, iso é o bo da experiencia, xa o levamos escoitando, cando peonalizamos o centro histórico ía ser o acabouse, o acabouse, cando cortamos Daniel de la Sota ía ser o acabouse, mire, déanlle tempo a que se regule. Do que non se acorda ninguén é dos atascos monumentais que había entre Cobián Rofignac e Michelena, pero dunha hora e de dúas, eu teño estado atrancado alí dúas horas, iso esquécese. Creo que na xestión dos espazos públicos da cidade e demais tanto a dirección política como os técnicos que o están levando creo que se merecen algo máis de crédito do que vostedes lle dan, algo máis. Outra cousa é que a vostedes o modelo en xeral, e agora mesmo o acaba de dicir vostede, o modelo en xeral lle pon os pelos de punta, lle pon os pelos de punta, estarían en contra radicalmente, se puideran meterían os trailers por Michelena outra vez, como pasaban antes, ou por Cobián Rofignac, meteríanos, está claro, nós defendemos outro modelo.

Indo ao fondo, o corte concreto foi unha alternativa a unha imposición dun corte en Poio, evidentemente optamos por esa solución, esa foi unha opción nosa recomendada e pensada polo departamento de mobilidade da Policía Local, foi unha decisión nosa nunha condicións adversas, francamente adversas, e que hai que darlle un tempo para que funcione.

Moitas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señor Mosquera.

Ten a palabra o señor Aguilar.

**Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, señor Alcalde.

Insisten en decir que es obligatorio el corte del carril, eso no lo sostiene nadie, lo sostienen ustedes para justificarse, están queriendo siempre entremezclar el modelo de



ciudad, pues yo le pregunto a ustedes si la unidad de actuación 18, de Tafisa, no es con ustedes, ese es el modelo de ciudad de ustedes, es lo nuevo, lo demás existía, la calle Michelena siempre existió lo que han hecho es cortar el tráfico, gran mérito, no cabe duda, pero la calle en sí misma siempre existió, la calle Benito Corbal, todas esas existían, no las crearon ustedes, las nuevas calles son las de Tafisa, son las de A Parda y la unidad 18 que son sus urbanizaciones, ese es su modelo de ciudad y es el que deben de enseñar cuando alguien venga a conocer Pontevedra y como se encuentra, que conozcan cual es el futuro de Pontevedra, el que están haciendo ustedes.

Muchas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP anteriormente transcrita.

## **7.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á INSTALACIÓN DE FORNOS CREMATORIOS EN PONTEVEDRA.**

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (25), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto literal da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular é o seguinte:

“El gobierno de Pontevedra ha planteado una modificación del PXOU para regular el uso de crematorios. Esta modificación es una solución que no contenta ni a los ciudadanos ni a las empresas, salvo a una.

El problema generado lleva un año sin resolverse; únicamente se ha dilatado en el tiempo a través de la suspensión de licencias.

Ante este panorama, el Grupo Municipal del Partido Popular propuso una alternativa para dar solución al problema creado en Pontevedra. Esa alternativa consiste en buscar una ubicación que suscite el consenso de todos los afectados. Particularmente, el Partido Popular propuso como ubicación una parcela localizada en el vecino Polígono empresarial de A Reigosa. Es una parcela que cumple con todos los requisitos exigidos para este tipo de instalaciones, y que podría albergar un crematorio de referencia en Pontevedra. La parcela en cuestión se encuentra a 12 minutos en coche desde el centro de Pontevedra, y es propiedad de la empresa pública Xestur. Cuenta con una superficie de 3.427 m<sup>2</sup> y la distancia hasta el núcleo de población más próximo supera los 500 metros. Según los datos facilitados por Xestur, la tipología de la misma es de edificación aislada, con una ocupación máxima del 70%, edificabilidad máxima de 0,85m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, altura máxima de 11 metros de cornisa y 14 de coronación de cubierta.

Entendemos que esta parcela, con una situación idónea, sin posibilidad de causar ningún tipo de malestar ni recelo a los vecinos y con buenos accesos podría satisfacer también las expectativas del tejido empresarial para la instalación de un servicio de cremación, que actualmente no existe en Pontevedra. Además de los residentes en la capital provincial, se podrían beneficiar de esta localización los ciudadanos de

Ponte Caldelas y de toda la comarca de Pontevedra, que ahora tienen que desplazarse hasta Vigo para poder contar con ese servicio. Los terrenos que proponemos ya cuentan con todos los servicios requeridos para una instalación de esas características, abastecimiento y saneamiento, gas, telecomunicaciones, red eléctrica, etc.

Esta propuesta no ha sido rebatida ni por los vecinos ni por las empresas, ni siquiera por el gobierno. De hecho, hay constancia de que al menos una de las empresas se ha interesado por esta posibilidad.

En esta situación, creemos que resulta oportuno que el gobierno local reflexione sobre la conveniencia de continuar adelante con una modificación urbanística que seguirá generando más problemas; por ello, proponemos que el gobierno local, con nuestro apoyo lidere la búsqueda de una ubicación que satisfaga a todos los agentes implicados, pero principalmente a los ciudadanos. No tiene por qué ser la propuesta del PP, pero sí es necesario que el gobierno medie y busque soluciones.

Por ello, el G.M. del PP presenta para su aprobación la siguiente propuesta de acuerdo:

Que el gobierno local de Pontevedra proponga una ubicación alternativa para instalar un crematorio de referencia en Pontevedra, mediando entre las empresas y los vecinos, de modo que se encuentre una solución satisfactoria para todos, que no genere ningún tipo de molestia ni malestar, desistiendo de la modificación del PXOU propuesta.”

Aberto o de debate, **Sr. Alcalde-Presidente**, concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, portavoz do grupo municipal do Partido Popular.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, señor Alcalde.

Non me vou a estender, vou a tratar de sintetizar o máximo posible porque este tema, en gran parte, xa está falado na aprobación da modificación puntual.

Nós o que queremos deixar enriba da mesa é que a vía que abriu o goberno de Pontevedra en relación á xestión do problema dos crematorios non fixo máis que empeorar, e máis que pode empeorar, e todo apunta a que todo isto remate nun maremagnum de litixios xudiciais que xa sabemos, moitos deles, como rematan, xa sabemos como remataron os litixios xudiciais no caso Veteris, acabamos de ver como está rematando o caso de Sogama, xa vimos como rematou o caso da usurpación dun terreo privado na ribeira dos Gafos e, polo tanto, nos tememos que isto vai xenerar máis inseguridade xurídica da que xa existe na actualidade.

Polo tanto, señores do goberno, nós fixemos unha proposta dunha ubicación dunha parcela para ubicar crematorios, unha parcela que cumpriría, é verdade que non está dentro estritamente do termo municipal de Pontevedra pero está, practicamente lindando co polígono de O Campiño, estou falando do polígono da Reigosa e, dende logo, esta proposta non foi rebatida por ninguén, nin sequera polo goberno.

Nós pedimos ao goberno local que traten de buscar unha vía de diálogo, de consenso e, polo tanto, que se fale cos veciños afectados, que se fale cos empresarios e que se busque unha ubicación para crematorios en Pontevedra que non moleste a ninguén e que contente a todo o mundo. Creo que con 120 quilómetros cadrados que ten Pontevedra non pode ser moi difícil atopar un lugar no que todos esteamos de acordo. Polo tanto e particularmente ao señor Louro eu lle pido que reflexione neste asunto, que busque diálogo, que busque espazos de consenso e que busque unha solución satisfactoria para todos e que poidamos evitar ter aí enriba da mesa un maremagnum de litixios xudiciais que non sabemos como van a acabar e que po-



den xerar desagradables sorpresas no futuro, tanto para o concello como para os veciños afectados.

Nada máis e moitas gracias.

Incidencias. - Auséntase da sesión o Sr. Alcalde, asumindo a Presidencia o Tenente de Alcalde don Antonio Louro Goyanes.

Seguidamente, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, fai uso da palabra don Antonio Louro Goyanes.

**O Sr. Louro Goyanes:** Vou facer uso da palabra brevemente porque creo que este asunto foi debatido sobradamente xa neste Pleno da Corporación.

Señor Moreira, que quere que lle diga, vale para algo esta moción?, creo que esta moción xa non ten sentido, pero aínda que tivera sentido, señor Moreira, eu lle pregunto si vale para algo, porque neste Pleno xa temos votado mocións do Partido Popular e resulta que hoxe quedaron todas pola borda.

Hai unha proposta de modificación puntual do PXOM que ten un contido, señor Moreira, que di onde se pode e onde non se pode ubicar un crematorio. Polo tanto, señor Moreira, esta proposta ten todos os informes xurídicos, ten todos os avales que ten que ter e danos moita tranquilidade porque creo que hai, xuridicamente, respaldo.

A moción, como dicía, carece de sentido, o goberno local tomou todas as decisións, decisións que tamén derivaron do que vostedes aportaron e que agora non queren recoñecer. dalgunha maneira rompen un consenso que estaba creado neste Pleno. Existe unha folla de ruta e existe, señor Moreira, o que é moi importante para nós e creo que para todos, seguridade xurídica, os informes implacables dos técnicos municipais; nada fixemos que non fora nese sentido e nesa dirección.

Fala vostede dunha ubicación alternativa, con esta modificación puntual existen distintas alternativas, distintas, dependen da iniciativa privada e dependen da iniciativa privada condicionados pola lexislación e polo ordenamento xurídico, polo que é toda a normativa.

Temino preguntándolle, señor Moreira, se vostede as mocións que presenta non as respecta á volta dos meses, qué sentido ten pactar con vostedes, acordar con vostedes ou aprobar con vostedes unha moción.

Nada máis pola miña parte.

**O Sr. Presidente:** Señor Mosquera, ten a palabra.

**O Sr. Mosquera Lorenzo:** Está todo dito e, a parte, esta xenialidade de que por un lado primeiro estabamos de acordo co crematorio, co plan especial, depois, no Campiño, que non ten acordo do Alcalde de Pontecaldelas, a ver, seriedade. Polo demais está todo dito.

**O Sr. Presidente:** Señor Moreira, ten a palabra.

**O Sr. Moreira Ferro:** Gracias, señor Louro.

Claro que vale para algo esta moción, señor Louro, claro que vale. Vostedes veñen de aprobar agora unha modificación puntual dun plan xeral cunha solución que non satisfai a ninguén, salvo a unha empresa, pero a ninguén máis e, independentemente disto, nós o que lle pedimos é que aposte polo consenso, que siga traballando, porque a pesar de que se iniciou esta nova ruta de modificación do plan xeral pode seguir traballando nese sentido, busque diálogo, busque consenso, propoña alternativas; nós propuxemos unha, non ten por qué ser esa, non ten por qué ser, pode ser outra calquera, nós o que lle queremos demostrar é que si se busca hai alternativas, ese era un exemplo, xa lle digo, non ten por que adoptar ese exemplo pero en 120 quilómetros cadrados que abrangue o Concello de Pontevedra creo que pode haber algunha ubicación que contente a todas as partes e que nos evite un problema que non sabemos como vai rematar.

Vostede agora di que de pende todo da iniciativa privada, pero si foi vostede o que marcou aquí a iniciativa privada, vostede foi o que dixo que aquí só hai negocio para un só crematorio, quén é vostede para dicir iso?, deixe ás empresas, serán elas as que teñan que decidir cantos crematorios pode haber, ou de pronto é agora vostede o que tamén intervén na iniciativa privada ofrecendo, non só un crematorio urbano, senón dous crematorios urbanos, é igual. Nós o que lle pedimos e apelamos, polo tanto, ao seu talante, que non deixe de traballar porque se aprobara esta modificación puntual, que busque, con silencia e con discreción, incluso, xa lle digo, non ten que contar co noso acordo, se contenta aos veciños e contenta aos empresarios para nós vale. Dende logo creo que este é o camiño que temos que seguir e, dende logo, é o camiño que tiña que ter seguido o goberno local dende un principio.

Nada máis, nós poñemos enriba da mesa esta proposta, se a queren a collen e se non a deixan. Moitas gracias.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde, pasando a ocupar a Presidencia.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP anteriormente transcrita.

## **D) CONTROL E SEGUIMIENTO DO GOBERNO LOCAL.**

### **8.- INTERPELACIÓN Á CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE INCIDENCIAS DETECTADAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POLA EMPRESA CLECE (GRUPO ACS), FORMULADA POLA VICEPORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.**

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, á concelleira dona María José Rodríguez Teso.

A **Sra. Rodríguez Teso**: Señora Fouces, o grupo municipal do Partido Popular fixo unha pregunta o 23 de agosto deste ano, pregunta que sigue sen ser contestada por vostede, a pregunta foi a seguinte: en relación ao servizo municipal de axuda no fo-



gar do Concello de Pontevedra solicito que se me comunique por escrito o número de usuarios da modalidade A e da modalidade B pendentes de que se lle presten servizos pola empresa adxudicataria Clece. A súa resposta foi a seguinte: en resposta a petición de información que veñen de solicitar ao respecto das listas de espera do servizo de axuda no fogar deben saber que o servizo de axuda no fogar dispón de dúas modalidades, a de libre concurrencia, modalidade A, a vinculada ao recoñecemento do grado de dependencia, modalidade B, ambas modalidades están cofinanciadas polo Concello e pola Xunta, ao que se engade o copago dos usuarios en función da súa capacidade económica; dende o 2011 a Xunta reduciu dun xeito considerable o financiamento do servizo na súa modalidade A, SAF de libre concurrencia, que neste momento está sustentado, case exclusivamente, cos orzamentos municipais; as cantidades que se perciben por parte da Xunta de Galicia para financiar o SAF de dependencia son absolutamente insuficientes polo que se volve a recorrer aos orzamentos municipais para facer fronte ao pago do servizo. Á vista da situación a Xunta debería asumir, outra cousa máis, o servizo de axuda no fogar, na súa totalidade, xestionándoo dun xeito integral, evitando desta maneira que o mesmo descanse nos fondos municipais os cales deben destinarse a outras tarefas exclusivas de ámbito local. Remata a resposta dicindo: se precisan datos concretos poden solicitarlos como sempre. Datos concretos era o que solicitabamos, señora Fouces, cuántos usuarios hai en lista de espera, da modalidade A e da modalidade B, nada máis, entón, nos gustaría que nos contestara a eses datos concretos.

Moitas grazas.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas grazas, Sra. Teso.

Sra. Fouces, ten a palabra.

**Sra. Fouces Díaz:** Bo día, grazas.

Eu crin que lle estaba contestando moito máis do que me preguntaban. Eu puxen a súa disposición todos os servizos sociais, incluso si precisaban que eu nalgún momento, lle fixera algún tipo de aclaración tamén podía facelo. Eu realmente non sei si o Partido Popular quere saber algo do SAF ou non, porque, de feito, si de verdade quere sabelo o mínimo que debería facer era informarse. Como vexo que en todo este tempo simplemente houbo así preguntas un pouco, bueno, a ver que nos vai caendo e a ver se nos van facendo os deberes outros, eu entendo que é perezoso, é moito choio, son expedientes moi farragosos, son contratos moi difíciles de seguir pero eu ánimoille a que empecen nalgún momento, porque tarde ou cedo van ter que facer algo, van ter que mirar algo.

Vou a entender que realmente queren saber que está pasando no SAF, iso é o que vou a entender, ao mellor estoume confundindo, e para explicarllo, como a min me gusta facelo así dunha forma máis didáctica, vou ter o atrevemento de pasarlle unha documentación e así vámolos seguindo, espero que haxa para todos.

Incidencias.- Neste intre a Sra. Fouces Díaz fai entrega da documentación á Presidencia e aos representantes dos grupos municipais.

Continúa a **Sra. Fouces Díaz:** O que teñen diante é o seguimento das aportacións da Xunta e do Concello ao longo destes últimos anos. Ata o 2006 o servizo de axuda no fogar era un servizo que se ofrecía dende os concellos exclusivamente para aque-

las persoas que non tiñan recursos, e se establecían uns baremos por idade, por ingresos económicos, por situación de autonomía, por axuda por parte de familiares e persoal externo; en base a ese baremos se ían dando unhas axudas no fogar para que esas persoas estiveran máis ou menos atendidas; polo tanto, estaba pensado dende servizos sociais para poboacións moi reducidas. A partir do 2006 chega a lei de dependencia, abre este servizo a toda a poboación e aparece aquí unha grande bolsa de persoas que, en principio, non accedían ao servizo de axuda no fogar pero que empezan a recoñecérselles uns dereitos de ser atendidos. O Estado e a Xunta, neste caso, que tiveron que asumir estas competencias, utilizaron a rede do servizo de axuda no fogar municipal para poder dar conta do servizo de axuda no fogar de dependencia.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Isto levou un tempo, un tempo de reaxustes, e a partir do 2008 empezaron a aparecer nos orzamentos unha partida específica para o servizo de axuda no fogar en dependencia, porque nese momento no existía ese servizo e, polo tanto, no se contemplaba. Como poden ver no 2008 o Concello aportaba 58.200 euros que era, aproximadamente, o diñeiro co que se viña atendendo o servizo de axuda no fogar municipal ata ese momento. A Xunta fixo unha aportación importante de 387.960 euros porque era para atender, maioritariamente, a aquelas persoas que entraban dentro do servizo de axuda no fogar de dependencia. Tamén a Xunta cofinanciou, ese ano 2008, en 22.000 euros o servizo de axuda no fogar municipal, que ata ese momento mandaba moi pouquiño para ese servizo.

No 2009, como vemos, aparece tamén unha aportación importante da Xunta pola mesma razón, porque se estaban atendendo e se estaban ditando resolucións e facendo as acreditacións, as validacións de graos en nivel de dependencia e se entendía, por parte da Xunta, que os concellos ían seguir atendendo ás persoas que entraban dentro do baremo do servizo de axuda no fogar municipal e ademais tiñan que dar conta de toda a poboación xeral que estaba sendo recoñecido o seu dereito como dependente. Vemos aí esa importante cantidade de diñeiro que estaba transferindo en ese caso a Xunta de Galicia.

No 2010 mantense e incluso incrementábase o diñeiro que a Xunta manda para o servizo de axuda no fogar, e ademais manda para A, ou sexa, para o básico, para o municipal, de eses 480 total manda case 223.000 euros, para o municipal, e para o de dependencia 257.000 euros, é dicir, unhas cantidades importantes para os dous servizos. Iso por que?, porque había un pacto entre a propia administración autonómica e os concellos que os concellos asumíamos, asumían naquel momento, a través do servizo de axuda no fogar municipal o inmenso incremento que tiña que estar asumido exclusivamente pola Xunta. Era inviable ditar as resolucións a esa velocidade, polo tanto, se utilizaba o servizo de axuda no fogar municipal para ir parando un pouco a marea de persoas que ían reclamando a entrada no sistema, entón, entraban no sistema a certa velocidade pero era moita a demanda, polo tanto, pedíanlle aos concellos que incrementaran a súa partida para o servizo de axuda no fogar municipal e así dar un pouco de atención, aínda que non fora a máxima que se daba por dependencia a esas persoas. Así foi no 2010, ademais, porque non podemos perder de vista o seguinte tema, no 2010 estabamos en ano preelectoral municipal, facer un criterio diferente a ese que se viña mantendo durante os anos supuña colocar aos concellos, a moitos deles, nunha situación moi grave. Pero pasaron as eleccións municipais e aquí asomamos a patita e aparece no 2012 a verdadeira realidade, que





estamos ante unha aportación raquílica da Xunta e, en consecuencia, un aumento inmenso da aportación do Concello. Os concellos nos vimos emparedados entre a asunción de responsabilidade de asumir a través do municipal aqueles casos que ían entrar en dependencia e, nese momento, a Xunta do señor Feijoo nos paraliza a financiación e nos deixa unhas listas hipertrofiadas de un montón de xente dándolle esa atención e, por outro lado, reducindo ao tope o número de horas que se dan por dependencia. Entón, nos atopamos nunha circunstancia que no 2011 foi gravísima, de colapso, practicamente insostible. No 2012 a Xunta entendeu que tiña que levantar un pouquiño o pé porque senón a cousas se nos podía ir bastante das mans, de feito o Alcalde de Campolameiro plantouse e non da o servizo de axuda no fogar en vista de que non chegaba a subvención da Xunta porque, evidentemente, os concellos pequenos estaban tendo unha dificultade enorme e se viron cunhas listas no servizo de axuda no fogar en A disparadas e sen ser asumidas pola Xunta. No 2012 asinamos un convenio onde os concellos íamos asumindo un tope de horas máximo para ver ata que punto, para non vernos nestas cantidades tan inmensas que nos vimos no 2011; aí reaxustamos, nós fixemos os nosos cálculos, de todas maneiras seguimos aportando bastante máis diñeiro que a Xunta ao servizo de axuda no fogar e agora, a día de hoxe, despois de este reaxuste que fixemos, que o fixemos con bastante sentidiño, temos diñeiro suficiente para poder aumentar o servizo en 6000 horas máis ao ano, dende o 22 de xaneiro que foi a primeira petición, a segunda petición o 25 de abril, a terceira petición o 6 de xuño, a resposta o 14 de xuño, e as peticións eran que nos autorizaran a dar 6000 horas máis que temos orzamento suficiente para dalas, a resposta foi o 14 de xuño: "lo estamos estudiando", a día de hoxe, case en novembro, entendemos que non nos van a dar autorización para dar esas 6000 horas máis e, polo tanto, estamos derivando ese diñeiro ao servizo de axuda no fogar municipal; por qué?, porque si superamos as 50.000 horas ao ano de atención conseguimos abaratar o prezo/hora, entón necesitamos subir, estamos buscando a posibilidade de subir esas 50.000 horas ao ano e abaratar o prezo/hora.

Cómo repercute todo isto nas listas de atención e nas listas de agarda? O número de horas que se deron no 2011 foron: no A de 19.770,740 horas, imos ao milímetro, e no B, como hai unha aportación bastante menor 16.967,520 horas. No 2012 estamos a falar de 23.448,730, de municipal e 24.382,310 horas de dependencia, neste caso vostedes critican que haxa algún tipo de papel interno do concello que non permitía, no permite dar inmediatamente a atención tal e como reciben a resolución da Xunta, os usuarios e as usuarias reciben unha resolución da Xunta onde se lles di que van a ter un servizo de 70,90,50 horas ao mes, as que sexan, e o Concello ten que mover fondos municipais para cofinanciar esas horas, polo tanto, segundo os servizos técnicos e segundo os servizos xurídicos era necesaria unha resolución municipal para garantir que ese diñeiro se movía con corrección ao destino que tiña que moverse; esa resolución municipal é certo que ralentizou, en algún termo, a posibilidade de dar as horas inmediatamente, foi absolutamente unha cuestión e unha cuestión xurídico-legal do concello. Despois de varias reunións cos técnicos do Concello e os técnicos da Xunta chegaron á conclusión de que daban por válida a resolución da Xunta como a única necesaria para dar inmediatamente o servizo pero, como digo, aquí non houbo ningunha interferencia política porque, evidentemente, eu non lle vou dicir a un técnico que resolución ten que ditar nin en que termos. Digo isto porque nalgunha nota de prensa que vostedes mandaron falaban de que había xente que estaba esperando moito tempo, houbo nalgún caso algún retraso que tivo que ver especificamente con este tema que, a día de hoxe, está solventado a nivel técnico, foron os técnicos do Concello e da Xunta os que se reuniron.

No que respecta ao número de usuarios, a día de hoxe temos, con todos estes datos que temos enriba da mesa, por favor non se me despisten, miren os diñeiros e agora atentos aos datos: no 2013 o servizo de axuda no fogar municipal ten, neste momento, 101 usuarios e usuarias e estamos aumentando 351 horas máis, debido a que a Xunta non nos da autorización para 6000 horas de dependencia, imos a deixar unha pequena bolsa para dependencia por si acaso, a última hora, atopan uns miles de euros nalgún sitio para cofinancialas e nos veñen dicindo que nos autorizan dar 2000 ou 3000 horas máis. Polo tanto, 101 persoas que están recibindo neste momento o servizo de axuda no fogar municipal. En lista de agarda hai 35 persoas.

No servizo de axuda no fogar de dependencia temos, neste momento, dándolle o servizo, 45 persoas, ese é o tope que nos ten autorizada a Xunta e, polo tanto, é aquí onde nós lle pedimos que nos autoricen a dar as 6000 horas máis ao ano. En lista de agarda 50, é a lista de agarda da Xunta de Galicia, é a Xunta de Galicia a que autoriza e a que dita as resolucións para que estas persoas poidan ter acceso ao servizo de axuda no fogar de dependencia.

Agora hai que ver cómo se confeccionan esas listas. A lista para estar como demandante do servizo de axuda no fogar municipal pode presentala vostede se quere, vostede como cidadá deste concello pode ir presentar os seus recursos económicos, o seu grado de autonomía, o da familia que a rodea e apuntarse ao servizo de axuda no fogar municipal, estará no último posto pero está. No servizo de axuda no fogar para dependencia non llo permiten, ten que ter recoñecido grado e nivel de dependencia e só mediante esa valoración de dependencia pode vostede formar parte da lista de agarda do servizo de axuda no fogar de dependencia. Incluso con ese truco a lista de agarda para a dependencia é maior que a lista de agarda no servizo de axuda no fogar no Concello. A maioría da xente que neste momento está en lista de agarda no Concello é xente que, por sorte, ten recursos para poder atender ás súas necesidades e obtén un grao de autonomía bastante elevado, moita xente non ten recoñecido nin sequera o máis mínimo grao de dependencia, qué pasa?, que moita xente se apunta porque, evidentemente, todos contamos chegar a vellos e hai xente que, dalgunha maneira vai adiantándose a esa cuestión; nós permitímoslle que se apunte, que formen parte da lista pero coa puntuación que lles corresponde, puntuación que ven marcada pola cuestión económica, pola cuestión de idade e pola cuestión das atencións externas de familias, conxuxes e demais persoas que estean ao seu redor, en base a iso se establece un baremo e as persoas que máis puntuación teñen nese baremo acceden. Estamos a falar de criterios de servizos sociais, e con criterios de servizos sociais non con criterios de dependencia, estamos a falar destes datos, eu ,dentro do meu humilde entender,creo que polo que a Xunta nos ten comunicado non lle gusta nada falar destes temas publicamente porque lles afeamos a conduta, evidentemente eles terían moito que explicar, como é posible que o Concello de Pontevedra teña capacidade para investir desta maneira no servizo de axuda no fogar, teña capacidade para dar atención ao dobre de persoas que a Xunta de Galicia no Concello de Pontevedra e coa metade da lista de espera. É difícil de explicar por parte da Xunta por iso nunca sae a retrucar ningunha das críticas que lle facemos dende o Concello de Pontevedra, porque saben perfectamente que teñen moito que calar. Vostedes, na súa liña de elefantes en cacharrerías me dan esta oportunidade de poder traer aquí a este Pleno todo o despreague. Eu francamente tiña intención de sentarme con vostedes, explícalo, falalo, pero queren que o fagamos desta forma pois vamos aquí a dar, tranquilamente, toda a atención.

Como digo, estamos tentando chegar aos 50.000 euros ao ano para aforrar prezo/hora e cremos que o vamos conseguir. Nos interesaba facelo fundamentalmente en dependencia porque é onde hai unha lista de espera maior e, ademais, é onde hai



un grao de necesidade maior porque son persoas xa cunha valoración de dependencia importante pero a Xunta é a que ten a última palabra e non chega, queremos chegar as 33.000 horas ao ano, esa é a petición que lle levamos facendo á Xunta.

Todo isto se enmarca nunhas ordenanzas municipais, a primeira ordenanza que se levaba poñendo en marcha para o servizo de axuda no fogar municipal antes do 2006 só foi modificada unha vez, sen embargo, a nova ordenanza, a do 2010 xa foi modificada, como están modificando seguido os copagos, hai recortes sobre recortes, agora se soben, agora se quitan os graos, agora se baixa o número de horas de 90 ao mes a 70 como máximo, é dicir, estamos permanente modificando ese tipo de ordenanzas que nos veñen ditadas dende o estado e dende a Xunta. No 2010 foi cando empezou a desglosarse o servizo de axuda no fogar A e B, e no 2011, abril de 2011, ata aí a Cruz Vermella era a que daba o servizo e partir de aí, nun concurso no que houbo unha mesa de contratación, non foi unha broma, unha mesa onde todo o mundo estaba presente, unha empresa chamada CLECE limpamente gañou o concurso e é a que está dando o servizo, para que non haxa dúbidas ao respecto. Esta ordenanza, como digo, foi modificada xa unha vez a principios do 2011 e no ano seguinte tiñamos que tela volto a modificar, non o fixemos porque sabíamos perfectamente que iamos a ter unha terceira modificación, iso supoñía conxelarlle as cuotas as persoas que estaban realizando o copago, aos usuarios e usuarias do SAF, tiveron durante dous anos as cuotas conxeladas porque non se modificou a ordenanza por parte do Concello e agora vanse a modificar porque, ademais, concluímos toda a fiscalización do contrato e agora si que vai haber unha remodelación das cuotas, pero estiveron dous anos esas cuotas paradas e o que terían que ter pagado aos usuarios non o van pagar, van deixarse estar así, que deberían terse subido polo IPC, como antes dicía o meu compañeiro Raimundo, todos os contratos se van subindo polo IPC, neste caso se foi paralizano. Agora xa temos enriba da mesa, o 29 de setembro de 2011, un decreto e unha orde de que en seis meses temos que ter outra vez a punto e outra vez modificada, unha vez máis, a ordenanza. Nestes seis meses iremos facendo o traballo, esperaremos ata o último momento para modificala porque moito nos tememos que, ao mellor, en seis meses hai outra nova modificación. Vostedes non sei se son conscientes do que supón unha modificación dunha ordenanza, supón poñer en marcha todos uns mecanismos internos do Concello, pasalo por Asesoría Xurídica, pasalo por Intervención, pasalo pola Xunta de Goberno, polo Pleno, é dicir, é un lío de campeonato, por iso imos intentar que todo isto vaia a ser o máis ralentizado posible.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Raimundo González Carballo.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Señora Fouces, como vai a cousa?

Estase prolongando excesivamente.

**Sra. Fouces Díaz:** Un momentíño, déixeme rematar porque creo que merece a pena explicalo. Espero que non se me aburran, creo que é necesario que falemos a fondo desta cuestión.

En novembro de 2011 foi cando se fixo ese cambio de ordenanza e foi aí que levamos 6 meses da nova concesionaria dando o servizo cando, para facer a remodelación da ordenanza, fixemos unha revisión do propio servizo, primeiro unha revisión de servizo e despois unha revisión de facturación. Empezamos a facer todo o siste-

ma testado de ver como ían as cousas e sacando conclusións. Aquí houbo un problema importante no tema da facturación pero voulo explicar para que o entenda, porque a día de hoxe aínda non mo preguntou nunca e é necesario que o saiba. Entón séntese e póñase cómoda que llo vou explicar: cando o Concello ditaba as resolucións de servizos de axuda no fogar antes de que empezara a dependencia as resolucións eran semanais, se dicía que un usuario tiña 10 horas á semana, 15, 12, as semanas sempre son iguais, van de luns a venres ou de luns a domingo, non había problema. Chegou a Xunta coa lei de dependencia e decidiu que as resolucións eran mensuais, as resolucións mensuais supoñen que non todos os meses son iguais, polo tanto, se a unha persoa se lle dan 70 horas ao mes non é o mesmo dar 70 horas en febreiro que dar 70 horas en marzo. En conclusión, había un problema importante de facturación.

A empresa Clece, xunto con Eulen, Fesan e con todas as grandes empresas que son prestadoras destes servizos atoparon unha solución que foron expoñendo moi amablemente en todos os concellos, non só do de Pontevedra, téñolle que informan que en todos os concellos que esas empresas dan o servizo facturan desta maneira, polo menos en febreiro estaban todos facturando igual, despois xa deixei de seguírlles a pista. Facían un plantexamento moi claro, dicían: hai 52 semanas ao ano, 12 meses, sae a 4,33 semanas de media ao mes, entón, collemos a resolución tal como estaba e multiplicamos por 4,33 semanas, iso entra dentro da lóxica, facer unha media, un prorrateo, para que as persoas que teñen acceso a ese servizo non teña cada mes un servizo diferenciado, un sistema diferente; bueno, pois iso é unha absoluta aberración porque o que se está facendo con ese sistema, que é o que se sigue utilizando na maioría dos concellos nos que esas empresas imparten os seus servizos, é prorrateando un servizo que, en principio, non ten por qué durar 12 meses, porque, por desgraza, esas persoas pode que a metade de ano ou cambien de recurso, ou falezcan ou deixen de necesitar ese servizo, polo tanto, estamos cobrando por anticipado un servizo que non sabemos se o vamos dar e, ademais, nesas 4,33 semanas de media inclúense os días festivos que non están computados. De maneira que nós, cando fixemos o cambio da ordenanza no 2011, comprobamos que había unha serie de disfuncións e fixemos a conta da vella, primeiro fixemos un testado e logo fomos un por un e sumamos, unha por unha, todas as contas, comprobamos que as facturas non coincidían exactamente co que eles nos facturaban, puxémosllo enriba da mesa e, efectivamente, eles, loxicamente, comprobaron que nese coeficiente que, en principio, estaba cargado de boa intención, era para unificar o servizo, para que as persoas non se desorientaran, para que todo estivera correcto e ben, e que todo o mundo aceptaba como absolutamente claro, pois resulta que había un erro, había un erro intrínseco nese coeficiente. A partir dese momento a empresa se comprometeu, en todo momento, a devolver os importes facturados, devolveu a primeira parte porque nós fixemos de novembro de 2011 a novembro de 2012 e agora está a piques de devolver a segunda parte, de abril de 2011 a novembro de 2011. Restan por facer, que xa se están practicamente ultimando, as devolucións aos usuarios e usuarias, son cantidades moi pequenas, para a empresa supón unha cantidade importante porque ten que facer o desembolso completo, pero para os usuarios non son grandes cantidades, é cuestión de moi pouquiñas horas e non a todos os usuarios lles cadraba o día do servizo en festivo, non sempre pasaba así, son cantidades que roldan entre dez ou doce euros por usuario, pero é igual, son deles e hai que devolvellos e niso estamos acabando de ultimar as contas para que a empresa lle faga esa devolución.

Nós, neste momento, aplicamos unhas solucións a ese sistema de facturación, temos un sistema de facturación diferente, a empresa lle supón moito problema facer a



facturación como nós lle pedimos porque ten que estar moi ao día. Hai que ter en conta que os servizos técnicos, a Tesourería deste Concello obriga a cobrar por anticipado o servizo, de maneira que hai que cobrar o mes antes de dalo e despois facer os reaxustes a final de mes, no caso de que esa persoa ese mes estea unha semana ingresada ou marche a casa dun parente ou o que sexa, eses son reaxustes a posteriori e iso dificulta aínda máis todo o proceso de facturación. A empresa, neste momento, tivo que crear un novo programa informático, un novo sistema de facturación e factura por horas reais dadas cada mes. O que se fai é calcular o máximo de horas que se pode dar, 23 xornadas laborais como máximo, e si ese mes ten menos sempre se vai aumentar pois a última semana, o último día, o último mes, unha cantidade a maiores do que, en principio, esa persoa esperaba que ía a recibir. Sempre é unha boa alegría, nunca unha merma, iso está pactado coas familias, saben que día lles interesa máis subir esa atención e que día non lles interesa. Polo tanto, fixemos os reaxustes á alza; fixemos uns novos programas individuais de atención; fixamos uns criterios de inspección cuns criterios de prorrateo para saber que expedientes, en cada momento, hai que ir investigando para que nos vaian dando o testado de como vai o servizo; fixemos unha análise profunda de todas as melloras que ese contrato viña e gañou na mesa de contratación, comprobando si efectivamente se estaban levando a cabo, algunhas si, outras non, polo tanto, hai un expediente aberto en contratación que está a piques de rematar en base a esas melloras e, como digo, aquí o que fixemos foi un profundo traballo, levamos dende novembro de 2011, de remodelación.

Todas as cousas que fixemos van traer acarreadas, seguro, erros, de maneira que o que nos toca o mes de novembro deste ano e volver, outra vez, a revisar como vai o sistema, como vai o servizo e si nos está disparando algún erro nalgún sitio, porque, como digo, é un servizo tremendamente complicado de xestionar porque un minuto, cinco minutos, tres minutos, sumados en todos os días do ano dan varias horas e esas varias horas se transforman en varios euros que repercuten unha cantidade importante. É moi difícil levalo ao milímetro pero o estamos conseguindo, tamén é certo que somos dos poucos concellos que fixeron, e isto por voz da Xunta, a análise tan profunda do que era o servizo. Como estabamos tantos ollos mirando descubrimos, sen querer, o do IVE, descubrimos que tiñamos unha instrución do 2010 da Xunta de Galicia onde nos dicía que tiñamos que aplicar un IVE super reducido no servizo de axuda no fogar de dependencia e un IVE normal no servizo de axuda no fogar municipal; comprobamos que iso non era correcto, que era unha excepción errada e cambiamos o IVE, ese IVE se vai a recuperar íntegro e se lle devolverá íntegro tanto a empresa aos concellos, a empresa aos usuarios e Facenda á empresa, isto vai ir así, porque está mal repercutido, mal cobrado, por unha mala instrución que nos mandou no 2010 a Xunta de Galicia.

Esta é a situación neste momento, eu non sei se ao mellor non me estaba preguntando isto ou me estaba preguntando outra cousa, por si acaso damos unha barrida e se ten algunha dúbida estou á súa disposición.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Fouces.

Sra. Teso, algunha pregunta?

**A Sra. Rodríguez Teso:** Non, non, pregunta non, porque a señora Fouces fixo o seu traballo como tamén eu fago o meu aínda que vostede o dubide, porque tampouco cobro o que cobra vostede entón teño que facelo nos meus ratos libres, señora Fou-

ces.

Quería comentarlle que non facía falta que gastase os cartos dos pontevedreses en coloríns que, aínda que o trouxera en branco e negro non pasaba nada que o entendemos igual.

Respostou por fin a pregunta das listas de espera, por fin, que esa era a pregunta que estabamos facendo en agosto, non era outra, era esa, porque o resto que me contou xa o sabía, polo traballo que fago, traballo que vostede non fixo e que lle tivo que facer a inspección da Xunta para descubrir o pastel que estaba facendo a empresa cobrando as horas a máis, esas horas que estivo explicando agora e que parece que quere xustificar, aínda por enriba, o que cobrou a empresa a maiores. Si vostede tivera feito ese traballo ao mellor os usuarios aos que vostede di que, segundo vostede, non lle afecta moito, iso terán que dicilo eles, se lles afecta ou non os 12 ou os 10 euros que lle cobrarán a maiores, si tivera feito ese traballo, volvo a repetir, ao mellor non estabamos nas que estamos.

Grazas a esa inspección da Xunta por fin vostedes deciden facer a súa propia inspección e entón descubren que hai, segundo as súas palabras, un incumprimento das melloras que se recollen no contrato e que, por fin, hai un expediente aberto en contratación para ver que é o que está a pasar con iso.

Se todo iso se fixera en tempo e forma, como tiña que ser, pois ao mellor teríamos un resultado diferente do que estamos tendo.

En canto a eses cartos que se pagaron a máis, ao mellor, si eses cartos estiveran vixiados doutra maneira o Concello, en servizos sociais, tería máis cartos para pagar outras cousas que non se poden pagar, por exemplo, o servizo de inclusión social.

Señora Fouces, eu agradézolle moitísimo esta explicación tan ampla, a verdade é que me gustou, aprendín cousas que aínda non sabía, porque non son concelleira de servizos sociais e vostede si, entón gústame que mo teña dito, o que pasa é que a min, isto ao mellor é un chascarrillo, pero quédame a dúbida de que si todos eses cartos que a empresa pretendía cobrar, que cobrou de feito e agora ten que devolverlos, ao mellor era que o señor este que ten Clece pois quería que participamos todos no fichaxe de Bale, ou algo así, debe ser, pero bueno, menos mal que alguén se deu conta e eses cartos volven ao peto dos pontevedreses máis pronto que tarde, esperamos.

Moitas grazas, señora Fouces.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Teso.

Señora Fouces, ten a palabra.

**A Sra. Fouces Díaz:** Eu o lamento moito, creo que non entendeu nada, dáme a sensación. Vamos a ver, un contrato que se ten que seguir minuto a minuto non se pode fiscalizar día a día, hai que esperar como mínimo seis meses, seis meses para ver o percorrido, entón se esperan seis meses, de abril a novembro e en novembro se modifica a ordenanza e é o momento no que se inicia a inspección.

A Xunta ven o 31 de xaneiro de 2013, cando a Xunta chega ao concello nós xa tiñamos iniciado totalmente o inicio total do contrato, é máis, varias das cousas que recolle a Xunta estabamos nós poñéndolle o foco e, ademais, dígolle unha cousa, a Xunta veu facer o seu traballo, como ten que facer, ten que vir a fiscalizar si efectivamente o diñeiro está sendo ben ou mal gastado, as profesionais que chegaron ao concello de Pontevedra, a verdade, son persoas que teñen unha visión de todos os servizos sociais do Concello, por iso coñecemos o que está pasando con Clece nou-



tros concellos, pásenlle recadiño onde están gobernando vostedes, porque le están metendo unha tangana de campionato, digo eu, é unha suxerencia, xa sei que vostedes non se moven de Pontevedra e só velan polos intereses do Concello, pero dígollo por si acaso. Houbo unha colaboración moi estreita entre a Xunta e o Concello, sigue habéndoa, nós consensuamos con eles as modificacións que pretendíamos facer e incluso sabemos que, dalgunha maneira, están exportando nalgún momento algunha das ideas que nós puxemos enriba da sema e, ao mellor, somos capaces de modificar algún tipo de actitude da empresa.

A cuestión é que só se pode saber si se cumpre ou non se cumpre cando se incumpre. Cando nós temos a memoria da empresa e comprobamos, coa memoria da empresa e coa fiscalización que nos facemos, que había determinadas cuestións do contrato que estaban sen facer, actuamos, antes hai unha cousa que se chama deixar que pase o ano de execución, temos que ir facendo as nosas comprobacións e cando se fai unha revisión completa e profunda do que é o contrato, na memoria, saltan outras cousas, qué pasa?, o realmente grave sería non facelo, sería non facelo, pero aquí se fixo e agora se vai a volver a facer, cada ano se fai unha revisión completa, e xa lle advirto, eu non o sei porque en novembro empezamos, é probable que nalgún momento haxa que facer outro reaxuste e se fará, e se dirá e non pasará nada, a cuestión é non facelo. Vostedes falan do tempo, con tempo, o tempo cando hai que facelo hai que facelo e é o que hai.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Moitas gracias, señora Fouces.

Señora Teso, ten a palabra.

**A Sra. Rodríguez Teso:** Dicia vostede que decidiron empezar a revisar aos seis meses do contrato, que é o lóxico, para deixar pasar o tempo e todo isto. Si o contrato foi en abril de 2011 e vostedes di que empezaron en novembro de 2011, en novembro de 2012 aínda non lle pediran á empresa que empezara a devolver os cartos e empezaron a facelo despois de que a Xunta veu o 31 de xaneiro do 2013. Por favor!.

Unha cousiña máis que aínda non rematei, estoulle dando voltas ao asunto e me resulta, como pouco, paradóxico que o seu grupo, que presume de ser un defensor a ultranza das políticas sociais, o noso Alcalde que se declara anti todo o que represente o capital, contrate a unha empresa como esta para facer este tipo de servizo e vostedes non a controlen dende o minuto menos un.

Nada máis.

**A Sra. Fouces Díaz:** Está controlada, dende o minuto cero, menos un e menos cinco, totalmente controlada, non se preocupe. Está controlada porque aos feitos me remito, está controlada totalmente, non se escapa nin un céntimo.

De novembro de 2011 a novembro de 2012 hai un sistema de facturación, nós o que non podemos é coller e dicirle a empresa: “a partir de mañá me cambiar o sistema de facturación”, porque non é posible. Nós fixemos a detección, vostede sabe os meses que nos levou facer o relato?, se da vostede conta do que significa coller expediente por expediente e sumar un por un pola conta da vella, non se da unha idea!, porque entón non estaría preguntando o que está preguntado, non se da unha idea do que supón, ata que chegamos a dar coa cifra pasaron meses, porque, por suposto, a empresa nos daba unha cifra que nós non a iamos a dar por boa, a empresa pretendía darnos unha cifra e dixémoslle que, bueno, que se animara a dárnos-

la pero que nós iamos a facer a nosa comprobación. Necesitamos meses de comprobación, ou como cre que vai isto?, cunha variña máxica?, pois entón que pregunta vostede me fai, claro que ata o 2012, e foi tempo record, porque tivemos que coller un por un todos os expedientes, e senón vaia vostede a falar coas traballadoras socias, que estiveron pechadas tardes e tardes punteando cada expediente.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Eu creo que está suficientemente discutido o tema e podemos pasar ao seguinte punto, se non lles importa aos concelleiros e concelleiras.

#### **9.- DACIÓN DE CONTA E DEBATE, NO SEU CASO, DO INFORME DA TESOURERÍA DA CORPORACIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DAS OBRIGAS MUNICIPAIS, SEGUNDO ESTABLECE O ART. 4º.3 DA LEI 15/2010, ACOMPAÑADO DA RELACIÓN DE FACTURAS DO ÓRGANO DE XESTIÓN CONTABLE, SEGUNDO O ART. 5 DA MESMA LEI. 3º TRIMESTRE 2013. CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS. IGUALMENTE DA SOCIEDADE MERCANTIL TURISMO DE PONTEVEDRA, SEGUNDO REMITE A SÚA PRESIDENCIA.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos informes da Tesourería da Corporación sobre o cumprimento do prazo de pago das obrigas municipais, segundo establece o art. 4º.3 da Lei 15/2010, acompañado da relación de facturas do Órgano de Xestión Contable, segundo o art. 5 da mesma lei. 3º Trimestre 2013, Concello, Organismos Autónomos e Sociedade Mercantil Turismo de Pontevedra.

#### **10.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.**

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno e polos órganos directivos durante o mes de setembro de 2013.

#### **11.- PREGUNTAS**

##### **PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR, D. PABLO FERNÁNDEZ LÓPEZ, SOBRE DEFICIENCIAS NO PAVILLÓN DE DEPORTES.**

O **Sr. Fernández López**: Gracias e bos días.

Teño que empezar pedindo disculpas por seguir intervindo despois desta clase maixstral que nos dou a señora Fouces, que debe ser a primeira concelleira que unificou o sentimento de todo este plenario.

A miña pregunta vai dirixida ao concelleiro de deportes porque nos está chegando queixas e comentarios, por distintos cauces e vías e de distintos equipos e organismos, do estado do pavillón de deportes no que hai unha serie de deficiencias que están impedindo a execución adecuada do deporte nas instalacións, concretamente goteiras. Non sei si é consciente destes defectos e si está emprendendo algunha medida para solucionarlos.

Gracias.

O **Sr. Fernández González**: Coa maior brevidade posible. Si que somos conscientes da existencia de goteiras, non é unha cuestión nova, é unha cuestión que ven repetindo no tempo, que tratamos de evitar, que ata agora non impediu a celebración de





ningún evento deportivo e que esperemos que poidamos solucionar se non é neste inverno, porque é moi difícil traballar na cuberta no inverno, si para o próximo verán esperamos que poidamos solucionarlas.

## 12.- ROGOS.

### A) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. RICARDO AGUILAR ARGENTI, SOBRE A CONVOCATORIA DA COMISIÓN PERMANENTE DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS, OBRAS E SERVIZOS.

**O Sr. Aguilar Argenti:** Muchas gracias, señor Alcalde.

Por acuerdo plenario es preceptivo que la comisión de ordenación del territorio que preside, por delegación, don Cesáreo Mosquera se convoque mensualmente pero ocurre que en la práctica habitual esta comisión no cumple el mandato de este Pleno y se realiza de forma aleatoria. Hay que tener en cuenta que esta comisión tiene una gran relevancia y se están tratando, se llevan, asuntos de interés para los pontevedreses y para nuestro grupo. Así, es de nuestro interés conocer cómo van los trabajos de puesto en marcha del Plan General de Ordenación; los motivos de atraso del inicio de las obras del desdoblamiento de la avenida de Vigo; que solución se pretende para la zona verde del campo de Pasarón; explicaciones sobre los daños y plazos para reparación de la avenida de Marín; la propuesta técnica sobre la pretendida peatonalización de las calles Cruz Gallástegui y Castelao; el estudio técnico que avala el cierre del carril del Puente de A Barca, de esto tampoco se trató; el alcance y plazo de ejecución de las obras pendientes en la plaza Valentín García Escudero; el motivo de retraso en las obras de reparación de los jardines que están vinculados al monumento de los héroes de Pontesampaio, entre otros.

Es decir, a la oposición se le está hurtando este derecho de tener información y conocimiento de todas las acciones que corresponden a esta Comisión, por ello, Sr. Alcalde, y por segunda vez porque ya esta cuestión la ha traído nuestro grupo en otro momento, el Partido Popular le ruega que cumpla con su obligación y exija al concejal delegado del área de Ordenación del Territorio que convoque, al menos, una vez al mes la comisión que él preside.

Muchas gracias.

**O Sr. Alcalde-Presidente:** Estamos xa acabando e é mellor levantar o pleno sen máis, llo comunicarei ao concelleiro; agora, me estraña moitísimo que o concelleiro teña algún inconveniente en convocar ningunha comisión que vostede lle pida; tamén pode pedila, por escrito, pode pedila e dicir hai estes temas e a tratamos. Me estraña moitísimo, o que pasa que haberá algunhas cousas que se lle din pero que a vostede non lle gustan, claro, e entón vólveas a preguntas pero tampouco vamos a estar repetindo todo sistematicamente, pero si que se lle deron explicacións e se lle darán as que faga falta e non vai a dar vostede clase a esta Corporación enteira, a toda a Corporación enteira, nin vai a intentar convencer a ninguén, pode intentar convencer outra cousa é que se convenza de que aquí non se debate todo o debatable, absolutamente todo, o que vostedes queiran, canto tempo queiran, horas e horas, agora o que non van a cambiar e a forma de opinar e de gobernar de este goberno municipal, iso non o poden cambiar, agora preguntar preguntan todo o que queiran e eu lle transmitirei, xa que non está hoxe aquí ao Concelleiro, que lle con-

voque todas as comisións como sexa todas as semanas, ata que se aburran, ata que se aburran de preguntas.

**B) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. CÉSAR ABAL GONZÁLEZ, SOBRE REPARACIÓN DE DESPERFECTOS NO MERCADO MUNICIPAL VIRXE DO CAMIÑO.**

O **Sr. Abal González**: Es un ruego cortito. Hace unas semanas nos reunimos con unos comerciantes del mercado municipal Virgen del Camino, popularmente conocido como las galerías Fray Juan de Navarrete e hicimos una declaración a través de la prensa, y queremos hacerlo constar aquí para que se pongan los medios necesarios para que se arreglen los desperfectos que padecen las galerías y que cuanto antes se saquen a subasta los puestos municipales que allí se encuentran.

Contesta a concelleira de goberno delegada do Servizo de Promoción Económica **dona Carlota Román García**: Prefiro contestar rapidamente porque é moi tarde, hoxe aprobouse no Pleno a modificación das taxas, a actualización, polo tanto a partir de agora xa o tema de sacar las concesións que unha das reivindicacións dos que están en Fray Juan de Navarrete, xa se abre cara ao procedemento administrativo. Ao mesmo tempo pois vai hoxe unha modificación interna para pagar desperfectos tanto en Fray Juan de Navarrete como no mercado da Praza de Abastos da calle Sierra, da Avenida de Buenos Aires.

**C) ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, Dª MARÍA BIEMPICA ORTIZ, PARA QUE SE AXILICE E ACTUALICE A TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA PARA SOLICITAR UN ATESTADO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.**

A **Sra. Biempica**: Muchas gracias, Sr. Alcalde, a través de este ruego solicitamos desde el grupo municipal del Partido Popular que se agilice y actualice la tramitación administrativa para solicitar un atestado en el Ayuntamiento de Pontevedra, ya que a día de hoy dicha tramitación resulta farragosa, lenta, cara y muy pesada, cuando se produce un siniestro de tráfico necesitando este atestado lo antes posible.

A día de hoy el interesado tiene que ponerse en contacto con la Policía Local para que le confirmen si existe o no, en caso positivo le indican el número. Con esta información debe dirigirse a la Oficina de Xestión Tributaria para que el Ayuntamiento emita una carta de pago por importe de 83,52 euros, en concepto de tasa. Con dicha carta de pago deberá acudir a una sucursal de Novagalicia Banco donde pagan dicha tasa. Tendrán que volver al Ayuntamiento donde deberán cubrir otro impreso indicando los mismos datos que se han indicado en la solicitud de la carta de pago y entregarla en el registro del Ayuntamiento.

A partir de ahí, se supone que el Ayuntamiento envía la solicitud a la policía municipal, quienes por correo ordinario remiten al interesado el atestado en un plazo, que en muchas ocasiones, supera el mes.

El Ayuntamiento no permite el pago de la tasa a través de Internet, tampoco permite solicitarlo a través del correo electrónico, ni lo emiten a través del correo electrónico, por lo que una gestión que en ocasiones es necesaria para un procedimiento judicial y que se podría hacer en cuestión de tres o cuatro días, con todas las garantías, se



SECRETARÍA XERAL DO PLENO

vuelve insoportable y cara por pura ineficacia.

Solicitamos pues cambiar dicha tramitación posibilitando al interesado ir a Gestión Tributaria para facilitar los datos del solicitante, aportar poder notarial, en su caso, con sus datos fiscales, para que ellos lo almacenen y sirva para todas las peticiones que se realicen en el futuro. Con esta opción si hay un accidente en el que se necesita atestado se podría enviar un correo electrónico a Gestión Tributaria y ellos le envían al solicitante la carta de pago, esta simple modificación del trámite agilizaría mucho las cosas. En otros ayuntamientos, con el de A Estrada, Cangas, Moaña, Bueu y Marín esta tramitación es mucho más ágil, fácil y eficaz, se puede, por ejemplo, confirmar si hay atestado por teléfono, se puede ingresar la tasa en una cuenta y se puede, incluso, solicitarla por email. En el Ayuntamiento de Marín, además, se pueden tomar notas del atestado sin pagar la tasa.

Esperamos que tengan en cuenta dicho ruego por el bien de muchos ciudadanos que por cuestiones personales o profesionales tienen que acudir a ese trámite.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

Tomamos nota do rogo. Algún outro rogo máis?. Non hai máis rogos e, polo tanto, levantamos a sesión.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 14:57 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.